



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 9 DE SETEMBRO DE 2014.**

### **ALCALDE**

D. Mariano Iglesias Castro.

### **CONCELLEIRO/AS:**

PSdeG-PSOE:

D. Antonio Quindimil García.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa.

D. José María Tojo Espiñeira.

PP:

D. Severino Álvarez Monteserín.

D<sup>a</sup> María José Quindimil Suárez.

BNG:

D. José Manuel Raposo López.

### **Non asisten e se excusan:**

PSdeG-PSOE:

D. Iván Méndez García.

D. José Fernando García Lesta.

D<sup>a</sup> María Amparo García Pernas.

### **SECRETARIO - INTERVENTOR :**

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 9 de setembro de 2014, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratálos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

### **1. APROBACIÓN EXPEDIENTE CONTRATACIÓN XESTIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO, MEDIANTE CONCESIÓN. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

**“APROBACIÓN EXPEDIENTE CONTRATACIÓN XESTIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO, MEDIANTE CONCESIÓN. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Vista a necesidade deste concello de proceder á licitación da contratación do citado servizo, xa que ten rematado o contrato en virtude do cal se viña prestando o mesmo.

Visto que en sesión plenaria de data 3 de agosto de 2012 acordouse como forma de xestión do servizo de abastecemento de auga e saneamento a xestión indirecta, e dentro desta, a concesión, nos termos recollidos nas disposicións aplicables da Lei 7/1985, de 2 de abril, e no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, e visto así mesmo que en sesión plenaria



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

de data 4 de outubro de 2013 acordouse a concesión do servizo de abastecemento de auga e saneamento por un período de tempo de sete anos prorrogables por outros sete anos

Visto que o artigo 47.2. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, esixe o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación para a adopción de acordos, entre outras, nas seguintes materias: “j) Concesión de bens ou servizos por máis de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do 20 % dos recursos ordinarios do presuposto”.

Considerando que o custe anual do servizo se estima en 64.854,61€ máis o IVE do 10% (6.485,46€), e tendo en conta que os recursos por operacións correntes do orzamento correspondente ó exercicio 2014 ascenden á cantidade de 1.551.748,52€, resulta que a licitación do servizo por sete anos prorrogables por outros sete anos supón un custe estimado de 907.964,54€, o que excedería do 20% dos recursos ordinarios do presuposto.

Visto que se contratou coa empresa Estudio Técnico Galego, S.A. a elaboración dos pregos de cláusulas administrativas, prego de prescricións técnicas, estudio económico e demais documentación necesaria para proceder á presente licitación.

Considerando así mesmo o procedemento máis axeitado, por razón do seu obxecto e contía, o procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, entendendo que tanto a oferta económica como un proxecto axeitado da prestación do servizo constitúen os criterios óptimos para optimizar o citado servizo.

Incorporados ó expediente informe de secretaría-intervención, certificación de existencia de crédito, e demais documentación preceptiva, cómpre aprobar o expediente de contratación da citada concesión.

É polo antedito polo que de conformidade co artigo 110 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, e co artigo 47.2.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, propoño ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación da xestión, mediante concesión, do servizo de abastecemento de auga e saneamento, cun valor estimado de 64.854,61€ anuais, máis o IVE correspondente ao 10% (6.485,46€), por un período de sete anos coa posibilidade dunha prórroga por outros sete, procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación e tramitación ordinaria ó abeiro do artigo 157 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

**Segundo.-** Aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que se transcriben como anexos ó presente acordo.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto con cargo á aplicación 161.21300 do vixente orzamento municipal.



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

**Cuarto.-** Designar ós membros da Mesa de Contratación:

Presidente:

D. Mariano Iglesias Castro, alcalde do Concello.

Vogais:

D. Antonio Quindimil García, 1º Tte. Alcalde do Concello.

D. Gervasio Sánchez Barrreio, 2º Tte. Alcalde do Concello.

D. Iván Méndez García, 3º Tte. Alcalde do Concello.

D. Eladio Bendaña Pardo, secretario-interventor do Concello.

Secretaria da Mesa:

Dª Carmen Blanco Villares, administrativa do Concello

No caso de que algún dos membros da Mesa non puidese asistir ás reunións desta, serán substituídos polos suplentes que se indican:

Presidente:

Dª Pilar Sánchez Ulloa, concelleira.

Vogais:

D. José Fernando García Lesta, concelleiro.

Dª María Amparo García Pernas, concelleira.

D. José María Tojo Espiñeira, concelleiro.

O/a funcionario/a que substitúa ao secretario-interventor.

Secretario da Mesa:

Dª Inés Sánchez del Río, funcionaria do Concello.

**Quinto.-** Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación mediante publicación de anuncio de licitación no BOP, no DOG e no perfil do contratante.

Mesía, 4 de setembro de 2014

O Alcalde,

Asdo./ Mariano Iglesias Castro.

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DO CONCELLO DE MESÍA, POR PROCEDIMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS.**

## **CAPITULO I DISPOSICIÓNS XERAIS**

**PRIMEIRA.- Obxecto do contrato.**

O obxecto do contrato ó que se refire o presente prego consiste na xestión dos servizos públicos, mediante concesión, de abastecemento de auga potable e saneamento do concello de Mesía.

O presente contrato ten carácter administrativo de conformidade co estipulado nos artigos 8 e 19 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público (en adiante TRLCSP), séndolle de



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

aplicación o réxime xurídico do contrato de xestión de servizos públicos, establecidas nos artigos 8, 275 e ss. do TRLCSP.

## **SEGUNDA.- Réxime xurídico e codificación do contrato**

1) Réxime xurídico: O presente contrato rexeráse por:

- a) Este prego de cláusulas, así como polo prego de prescricións técnicas.
- b) Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en canto non se opoñan ó establecido no TRLCSP.
- c) A Lei reguladora de bases de réxime local, de 2 de abril de 1985, e o Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril.
- d) O Regulamento de servizos das corporacións locais aprobado por Decreto 17 de xuño de 1955, e o Regulamento de bens das Entidades Locais aprobado por RD 1372/1986, de 13 de xuño.
- e) Demais preceptos aplicables á contratación e normativa do dereito administrativo no seu defecto a normativa aplicable de dereito privado.
- f) Regulamento do servizo de abastecemento de auga e saneamento do concello de Mesía publicado no BOP nº 194 de data 10 de outubro de 2012.

2) Codificación do contrato: Faise constar que as actividades que constitúen o obxecto do presente contrato correspóndense cos códigos indicados da Nomenclatura CPV da Comisión Europea Regulamento (CE) nº 2151/2003 da Comisión de 16 de decembro de 2003 polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se aproba o Vocabulario común de contratos públicos (CPV).

90400000-1 Servizos de sumidoiros

90410000-4 Servizos de retirada de augas residuais

90420000-7 Servizos de tratamento de augas residuais

90450000-6 Servizos de tratamento de fosas sépticas

90460000-9 Servizos de baleirado de pozos negros y fosas sépticas

90470000-2 Servizos de limpeza de sumidoiros

90480000-5 Servizos de xestión de sumidoiros

90481000-2 Explotación dunha planta de tratamento de augas residuais

90490000-8 Servizos de inspección de sumidoiros e de asesoramento en materia de augas residuais

71354400-8 Servizos hidrográficos

71353100-8 Servizos de estudos hidrográficos.

65100000-4 Distribución de auga e servizos conexos

65111000-4 Distribución de auga potable

65120000-0 Explotación dunha planta depuradora de auga

65130000-3 Explotación do subministro de auga

65500000-8 Servizo de lectura de contadores



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## **TERCEIRA.- Prezo. Valor estimado. Réxime económico do contrato.**

1. O prezo do contrato, segundo estudio económico que se acompaña como Anexo I a este prego é de 64.854,61€ anuais máis o IVE do 10% (6.485,46€).
2. O valor estimado do contrato tendo en conta a súa duración máxima, é de 907.964,54€, resultante de multiplicar o custo anual pola duración máxima do contrato.
3. Existe crédito adecuado e suficiente para atender as obrigas económicas imputables ao concello por causa do cumprimento do contrato para a anualidade 2014 na aplicación orzamentaria 161.21300 do orzamento municipal. O gasto previsto para os vindeiros exercicios queda subordinado ao crédito que para ese exercicio se consigne no orzamento municipal.
4. A retribución do concesionario estará integrada por:
  - a) As tarefas de uso e consumo de auga, subministro e instalación de contadores e servizo de sumidoiros, tanto en período voluntario como en vía de constrinximento, tendo en conta as tarefas establecidas nas ordenanzas municipais.
  - b) As cantidades que perciba directamente dos usuarios polos traballos encargados por estes, de acordo cos prezos aprobados polo concello e as ordenanzas municipais.
  - c) A subvención compensatoria a aboar por parte do concello que resulte, no seu caso, da diferenza entre o custe do servizo e os ingresos por tarifas percibidos polo concesionario. A estes efectos, o concesionario presentará trimestralmente unha conta xustificativa e a correspondente factura, que deberán ser aprobadas polo órgano municipal competente. As tarefas actuais son as establecidas na Ordenanza fiscal reguladora da taxa por distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche, colocación e utilización de contadores, do concello de Mesía, publicada no BOP nº 88, de data 10 de maio do 2011, e na Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo da rede de sumidoiros do Concello de Mesía, publicada no BOP nº 187, de data 1 de outubro de 2012. Estas tarefas poderán ser modificadas polo Concello en calquera momento, o que terá a súa inmediata repercusión no balance económico da explotación e, por tanto, na cantidade a compensar desde o Concello ou a ingresar polo concesionario.

## **CAPITULO II LICITACIÓN**

### **CUARTA.- Procedemento e forma de adxudicación. Órgano de contratación.**

1. No presente contrato a adxudicación realizarase utilizando o procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación, de conformidade cos artigos 150 e 157 e seguintes do TRLCSP.

Neste procedemento a adxudicación recaerá no licitador que, no seu conxunto, faga a oferta máis vantaxosa, tendo en conta os diversos criterios que se establecen no presente prego.

2. O órgano de contratación é o Pleno do concello por exceder o seu importe do 20% dos recursos ordinarios do presuposto, consonte o artigo 47.2.j) da Lei de bases de réxime local.

### **QUINTA.- Capacidade para contratar**

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non se achen





# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 60 do TRLCSP, acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional e sempre que as prestacións obxecto do contrato estean comprendidas dentro dos fins, obxecto e ámbito da actividade que, conforme aos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

## **SEXTA.- Garantías provisional e definitiva.**

a) Provisional: non se esixe.

b) Definitiva: O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva de 22.699,11€, correspondente ao 5% do valor estimado do contrato para o período inicial de sete anos.

A garantía definitiva constituirase de conformidade co preceptuado nos artigos 95 e seguintes do TRLCSP.

Cando como consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, reaxustarase a garantía no prazo de 15 días naturais, contados dende a data en que se notifique o empresario o acordo de modificación, a efectos de que garde a debida proporción co prezo do contrato resultante da modificación.

## **SÉTIMA.- Presentación das proposicións.**

1.- As proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto neste prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade de ditas cláusulas ou condicións, sen salvedade ou reserva algunha. As proposicións serán secretas, e cada licitador só poderá presentar unha única proposición. As proposicións presentadas polos interesados terán que axustarse ao disposto no artigo 145 do TRLCSP.

2.- As proposicións presentaranse en sobre pechado no Rexistro Xeral do Concello de Mesía, de 8:00 á 15:00 horas, no prazo de quince días naturais a partir do día seguinte ao da publicación do último anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia ou no Diario Oficial de Galicia. Se o último día para a presentación recaese en sábado ou festivo, o prazo de presentación de proposicións rematará o primeiro día hábil seguinte.

No suposto de que as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos, e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición si é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de finalización do prazo sinalado no anuncio. Advírtese de que transcorridos cinco días dende a data de finalización do prazo de presentación de ofertas sen que se houbera recibido a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

3.- Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros empresarios si xa o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. O incumprimento destas limitacións dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas.

4.- Forma e contido das proposicións:

As proposicións constarán de TRES (3) SOBRES, pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, debendo figurar no exterior de cada un deles a denominación do contrato ao que licitan (*“PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NO PROCEDIMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DA*



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO SERVIZO PÚBLICO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DO CONCELLO DE MESÍA”), o nome e apelidos do licitador ou razón social da empresa e o seu correspondente NIF ou CIF, así como unha dirección postal a efectos de notificación, nº de teléfono e fax.

Os sobres divídense da seguinte forma:

A) O Sobre “A” subtitularase “DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA”, e conterá os seguintes documentos:

## **1.- DECLARACIÓN RESPONSABLE:**

De conformidade co artigo 146.4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) a aportación inicial da documentación esixida no apartado 1 do artigo 146, será substituída por unha declaración responsable de conformidade co seguinte modelo:

“D./D<sup>a</sup>.....

Con DNI.....

e domicilio en.....

provincia de.....

rúa n<sup>o</sup>.....

en nome propio ou en representación da empresa.....

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de concesión do servizo de abastecemento de auga e saneamento no concello de Mesía, aos efectos do establecido no artigo 146.4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) na súa redacción dada pola Lei 14/2013, de 27 de setembro, solicita a admisión en dito concurso e fai constar:

- Que acepta integramente o prego de cláusulas administrativas e o prego de prescricións técnicas que rexen o procedemento.
- Que declara baixo a súa responsabilidade que cumpre con todos os requisitos establecidos no artigo 146.1 do TRLCSP e dispón de todos os documentos válidos acreditativos dos mesmos, e, en caso de recaer sobre esta empresa a proposta de adxudicación, acreditará a súa posesión e validez ante o órgano de contratación previamente á adxudicación do contrato, ou en calquera momento anterior cando órgano de contratación o solicite en orde a garantir o bo fin do procedemento.

(Lugar, data e sinatura do licitador)”

**2.DATOS IDENTIFICATIVOS DO LICITADOR:** dirección, número de teléfono, número de fax e correo electrónico do empresario ou persoa que o represente para as comunicacións con este concello.

## **3.ADEMÁIS DEBERÁ PRESENTARSE, NO SEU CASO:**

### **3.1. Unións temporais de empresas:**

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP.



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## **3.2 Declaración de empresas vinculadas**

No caso de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 do TRLCSP, presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social destas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

**B) O Sobre “B” subtitularase “PROPOSTA TÉCNICA”, e conterá os documentos relativos aos criterios non avaliados de xeito automático:**

1. Proxecto técnico do servizo:

No que se detallará o modo en que se propón prestar o servizo, indicando cómo se levarán a cabo todas as tarefas correspondentes á xestión do mesmo (organización, contratacións, facturación, atención ao usuario, xestión de avarías e emerxencias, etc.). Describíranse os medios materiais e humanos directamente adscritos al Servizo, con detalle das funcións a realizar, axuntando como mínimo o currículo do responsable do Servizo, así como os medios de apoio dos que dispoña o licitador e que se comprometa a poñer a disposición do Servizo. Inclúese un Plan de actuación de fugas e memoria dos sistemas para a busca de fugas, con breve descrición do mesmo e do seu funcionamento.

Neste sobre B non se poderá incluír información relativa aos criterios que deban ser avaliados mediante fórmulas, que deberán constar necesariamente no sobre C. En caso de incumprimento, o participante quedaría excluído da licitación.

**C) O sobre “C” subtitularase “OFERTA ECONÓMICA”, e conterá os seguintes documentos:**

### **1.- Proposición económica:**

A proposición económica incluírá de forma separada o abastecemento e o saneamento, e conterá, para cada un deles, dous prezos independentes, un para os custes fixos, que serán independentes do volume de auga tratada, expresado en euros anuais, e outro para os custes variables, que se ofertará por euros/metro cúbico (en función dos metros realmente facturados en cada exercicio).

Do estudo económico que se acompaña como Anexo I deste prego dedúcese que os custes sobre os que procede facer a oferta económica son:

- Custes fixos de abastecemento 39.714,01 €.
- Custes variables de abastecemento 0,3877 €/m<sup>3</sup>
- Custes fixos de saneamento 10.272,62 €
- Custes variables de saneamento 0,4377 €/m<sup>3</sup>.

A proposición económica axustarase ao seguinte modelo

**“PROPOSICIÓN ECONÓMICA:**

*D / D<sup>a</sup> ....., con D.N.I. número ....., domiciliado na rúa ....., número ....., de ....., Código Postal ....., Provincia ....., País ....., Teléfono ....., Fax ....., maior de idade, en nome propio (ou ou actuando en representación da empresa ....., con cuxo Código de Identificación Fiscal é ....., e o seu enderezo social na rúa ....., número ....., de ....., Código Postal ....., Provincia ....., País ....., Teléfono ....., Fax .....,), coñecedor dos Pregos de Cláusulas Administrativas*





# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o "PROCEDIMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO SERVIZO PÚBLICO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DO CONCELLO DE MESÍA", e aceptando integramente o contido dos mesmos, comprométese (en nome propio ou da empresa ..... ) a realizalo por:*

## **A) ABASTECIMENTO:**

*\*\*Custe Unitario anual, dos custes fixos no servizo de abastecemento de auga: ..... (en letras e cifras, con dous decimais), IVE excluído.*

*\*\*Custe unitario en €/m<sup>3</sup> que se ofertan como consecuencia dos custes variables, no servizo de abastecemento de auga: ..... (en letras e cifras, con catro decimais), IVE excluído*

## **B) SANEAMENTO:**

*\*\*Custe Unitario anual, dos custes fixos no servizo de saneamento de auga: ..... (en letras e cifras, con dous decimais), IVE excluído.*

*\*\*Custe unitario en €/m<sup>3</sup> que se ofertan como consecuencia dos custes variables, no servizo de saneamento de auga: ..... (en letras e cifras, con catro decimais), IVE excluído*

**DATA E SINATURA"**

## **2.- Estudio económico do servizo.**

O estudio económico basearase e será coherente co proxecto técnico presentado no sobre B, e conterà a determinación dos custes e ingresos do servizo referido a sete anos, xustificando a equidade e viabilidade da explotación.

O Estudio económico partirá dos datos de aboados, tarefas e consumo establecidos no estudio técnico económico que se adxunta como **Anexo I** a este prego, e manterá os correspondentes apartados xerais de gastos:

Gastos fixos: persoal, vehículos, equipos e materiais, conservación e mantemento, xestión de aboados, analíticas, administración e varios.

Gastos variables: enerxía eléctrica, reactivos.

## **OITAVA.- Cualificación da documentación presentada, valoración dos criterios de adxudicación e apertura de proposicións**

O órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de Contratación que se constituirá, axustará o seu comportamento e asumirá as funcións nos termos previstos no artigo 320 do TRLCSP.

A Mesa estará composta por:

-Presidente: Alcalde do concello.

-Secretario/a da mesa : funcionario/a do concello

-Vogais: Tres concelleiros e o secretario-interventor municipal

A Mesa de contratación poderá solicitar cantos informes técnicos considere precisos.

A Mesa, con carácter previo e en acto non público, no lugar e hora que se anunciará no perfil del contratante e no taboleiro de anuncios do concello cunha antelación mínima de tres días hábiles, se constituirá para proceder á cualificación da documentación administrativa presentada en tempo e forma, e se observaran defectos ou omisións na documentación presentada, comunicarase ós interesados, mediante fax, correo ou calquera outro medio que permita ter constancia da súa recepción polo interesado da data en que se



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

reciba e do contido da comunicación, concedéndose un prazo como máximo de tres días hábiles para que o licitador corrixa ou subsane o erro. A documentación requirida pola Mesa para a subsanación deberá ser entregada no rexistro do concello. De todo o anterior, deixarase constancia na acta da mesa de contratación.

A Mesa de contratación, unha vez cualificada a documentación do Sobre A e realizadas, no seu caso, as subsanacións e aportadas as aclaracións ou documentos complementarios requiridos, ou transcorrido o prazo que se houberse conferido ao efecto, realizará en acto público a apertura dos Sobres B dos licitadores admitidos, no lugar e hora que se anunciará no perfil del contratante e no taboleiro de anuncios do concello cunha antelación mínima de tres días hábiles. Neste acto, o Presidente dará conta aos asistentes do número de proposicións recibidas e do nome dos licitadores, comunicando o resultado da cualificación da documentación xeral presentada nos sobres A, con expresión dos licitadores admitidos e dos excluídos e das causas de exclusión, e, de seguido, a Secretaría da Mesa procederá á apertura do Sobre B dos licitadores admitidos.

Nun posterior acto público, no lugar e hora que se anunciará no perfil del contratante e no taboleiro de anuncios do concello cunha antelación mínima de tres días hábiles, se realizará a apertura do Sobre C. Nese mesmo acto, e con carácter previo á apertura dos sobres C, darase a coñecer a puntuación obtida no Sobre B polos licitadores admitidos.

Trala conclusión do acto público, a Mesa examinará a documentación contida nos sobres e posteriormente pasará á aplicación das fórmulas de valoración automática e a sumar tales resultados cos obtidos na fase de avaliación de criterios non avaliábeis de forma automática (sobre B) e a clasificar aos licitadores en atención a tal resultado, por orde decrecente de puntuación, facendo a correspondente proposta de adxudicación a elevar ao órgano de contratación.

A acta da mesa de contratación e a proposta que estime pertinente, xunto cos informes técnicos emitidos, será elevada ó órgano de contratación para que proceda á adxudicación do contrato, que será notificada ós licitadores e publicada no perfil do contratante.

A proposta de adxudicación da Mesa de contratación non crea dereito ningún a favor do empresario proposto, que non os adquirirá, respecto á Administración, mentres non se lle adxudique o contrato por acordo do órgano de contratación.

## **NOVENA.-Criterios de adxudicación**

A Mesa formulará proposta de adxudicación a favor da proposición que, en conxunto, resulte máis vantaxosa para a Administración respecto da multiplicidade de criterios que a continuación se indican e segundo a ponderación seguinte:

### **1.- Sobre B: “Proposta técnica”. Total 49 puntos**

1.1. Valorarase o proxecto técnico do servizo de forma que sexa máis favorable ao correcto funcionamento do servizo público.

- Organización, contratación e facturación, ata 15 puntos.
- Atención ao usuario, xestión de avarías e emerxencias, ata 14 puntos.
- Medios humanos e materiais adscritos ao Servizo, ata 10 puntos.
- Plan de fugas, ata 10 puntos.

### **2.- Sobre C: “Oferta económica”. Total 51 puntos**

2.1. Valorarase a oferta económica de acordo co indicado no Anexo II



2.2 Cando de conformidade co artigo 152 do TRLCSP, se identifique unha proposición que poida considerarse desproporcionada ou anormal, darase audiencia ao licitador que a presentou para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionais favorables de que dispoña para executar a prestación. A estes efectos considerarase desproporcionada a baixa media mais 5 puntos, calculándose esta de xeito ponderado entre os catro valores ofertados cos coeficientes de ponderación que no Anexo II se recollen.

2.3 No caso de incoherencia entre a oferta económica, o estudo económico e o proxecto contido no sobre B considerarase inxustificada a oferta económica presentada, valorándose este apartado con cero (0) puntos.

## **CAPITULO III ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN**

### **DÉCIMA.- Proposta de adxudicación e adxudicación do contrato.**

1.- Unha vez formulada a proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación requirirase ao licitador que presentase a oferta máis vantaxosa para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, contados dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento presente a seguinte documentación:

#### **a) Documentación acreditativa da capacidade de obrar:**

1.- Empresario individual: DNI, ou documento que regulamentariamente o substitúa, en copia que teña carácter de auténtica conforme á lexislación vixente, ou fotocopia cotexada por funcionario habilitado para elo.

2.- Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora, a escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente rexistro oficial, así como a tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), todo elo en orixinal ou copia debidamente cotexada.

- A capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

- Os demais empresarios estranxeiros deberán demostrar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa. Informe de reciprocidade: As persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite a su vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga.



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

- No caso de que a oferta máis vantaxosa houbera sido presentada por unha Unión Temporal de Empresas deberá aportar a escritura pública de formalización de esta, así como o código de identificación fiscal.

## **b) Documentos que acrediten a representación.**

- Os que comparezan ou asinen ofertas en nome doutro, presentarán copia notarial do poder de representación, bastantado polo Secretario da Corporación ou calquera outro fedatario público. O poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

- Igualmente a persoa con poder bastantado a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia cotexada do seu documento nacional de identidade.

## **c) Declaración responsable de non estar incurso en prohibicións para contratar coa Administración.**

Declaración responsable de que a empresa interesada non se acha incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 60 do TRLCSP, axustado ao seguinte modelo:

*"D./D<sup>a</sup>*

*Con DNI*

*e domicilio en*

*provincia de*

*rúa*

*n<sup>o</sup>*

*en nome propio ou en representación da empresa*

*á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de concesión do servizo de abastecemento de auga potable e saneamento no concello de Mesía*

*Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 do TRLCSP*

*(Lugar, data e sinatura do licitador)"*

## **d).1.- Documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica e financeira.**

A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por algún dos seguintes medios sinalados no artigo 75 do TRLCSP.

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras o, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil o no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en Rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto do contrato, referido como máximo ós tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocios.

## **d).2.- Documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia técnica ou profesional.**



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

A solvencia técnica acreditarase por algún dos seguintes medios:

a) Unha relación de los principales servicios o trabajos realizados en los últimos tres años que incluya importe, fechas y el destinatario, público o privado, de los mismos. Los servicios o trabajos efectuados se acreditarán mediante certificados expedidos o visados por el órgano competente, cuando el destinatario sea una entidad del sector público; cuando el destinatario sea un sujeto privado, mediante un certificado expedido por éste o, a falta de este certificado, mediante una declaración del empresario; en su caso, estos certificados serán comunicados directamente al órgano de contratación por la autoridad competente.

b) Indicación del personal técnico o de las unidades técnicas, integradas o no en la empresa, participantes en el contrato, especialmente aquéllos encargados del control de calidad.

c) Descripción de las instalaciones técnicas, de las medidas empleadas por el empresario para garantizar la calidad y de los medios de estudio e investigación de la empresa.

d) Cuando se trate de servicios o trabajos complejos o cuando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado por el órgano de contratación o, en nombre de éste, por un organismo oficial u homologado competente del Estado en que esté establecido el empresario, siempre que medie acuerdo de dicho organismo. El control versará sobre la capacidad técnica del empresario y, si fuese necesario, sobre los medios de estudio y de investigación de que disponga y sobre las medidas de control de la calidad.

**e) Acreditación da dispoñibilidade da póliza esixida na cláusula décimo sexta.**

**f) Xurisdición de empresas estranxeiras**

Para as empresas estranxeiras a declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso ó foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ó licitante, de conformidade co 146 TRLCSP.

**g) Rexistros oficiais de licitadores e empresas clasificadas.**

O certificado de inscrición no Rexistro de Licitadores da Comunidade Autónoma de Galicia eximirá ós licitadores inscritos con certificado en vigor da presentación da documentación establecida nos apartados a), b), c), e d.1).

Do mesmo xeito tamén se eximirá da presentación da citada documentación no caso de que o licitador estea inscrito no rexistro de contratistas da Excm. Deputación Provincial de A Coruña. Neste caso, a diferenza do anterior, será suficiente coa presentación de declaración indicando o número co que o licitador figura neste rexistro.

O empresario deberá presentar en todo caso unha declaración responsable sobre a vixencia dos datos anotados no Rexistro de Licitadores. En todo caso o Concello de Mesía se reserva a posibilidade de solicitar a presentación ou aclaración desta documentación cando poidan xurdir dúbidas sobre a vixencia ou contido da inscrición no rexistro de licitadores.

**2. Ademais, o licitador que houbese presentado a oferta máis vantaxosa, deberá presentar, de conformidade co artigo 151.2 do TRLCSP:**





# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

- a) Documentación xustificativa de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- b) Constitución da garantía definitiva sinalada na cláusula sexta, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 do TRLCSP.
- c) Presentación da alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato referida ao exercicio corrente ou o último recibo acompañado dunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.
- d) Con independencia dos medios utilizados para acreditar a solvencia técnica, o licitador deberá presentar un compromiso de adicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para elo. En concreto, deberá presentar o seguinte compromiso de contar, como mínimo, cos elementos materiais que se enumeran, así como dispor dos medios necesarios, propios ou externos, para levar a cabo as analíticas establecidas como mínimas no punto 2.B. do estudo técnico económico que consta como **Anexo I deste prego**. Este compromiso integrarase no contrato co carácter de obriga esencial aos efectos do artigo 223.f do TRLCSP:

*“D / D<sup>a</sup> ....., con D.N.I. número ....., domiciliado na rúa ....., número ....., de ....., Código Postal ....., Provincia ....., País ....., Teléfono ....., Fax ....., maior de idade, en nome propio (ou ou actuando en representación da empresa ....., cuxo Código de Identificación Fiscal é ....., e o seu enderezo social na rúa ....., número ....., de ....., Código Postal ....., Provincia ....., País ....., Teléfono ....., Fax .....,), coñecedor dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas que rexen o "PROCEDIMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE E SANEAMENTO DO CONCELLO DE MESÍA”, polo presente DECLARA:*

*1.- Que se compromete a por a disposición da concesión do servizo de abastecemento de auga e saneamento do concello de Mesía, como mínimo, os seguintes medios materiais:*

- 1 furgoneta
- 1 martelo picador
- 1 grupo electrógeno
- 1 bomba de achique
- 1 cortadora de asfalto
- 1 rebarbadora eléctrica
- 1 taladro
- 1 remolque para furgoneta
- 1 TPL (terminal portátil de lectura)
- 1 detector microacústico de fugas
- 1 detector de fugas correlación acústica sobre furgoneta
- 1 camión de saneamento
- Equipos de seguridade ETAP

*2.- Que se compromete a dispor dos medios necesarios, propios ou externos, para levar a cabo as analíticas establecidas como mínimas no punto 2.B. do estudo técnico económico que consta como **Anexo I** do prego de cláusulas administrativas.*



# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

3.- *Que asume este compromiso como unha obriga esencial do contrato polo que o seu incumprimento constitúe unha causa de resolución do mesmo (artigo 223.f) do TRLCSP)*

*DATA E SINATURA"*

3.- De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas. Todo iso sen prexuízo do sinalado no artigo 60.2.d) e 61.2 e) do TRLCSP.

4.-O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación presentada polo licitador proposto.  
A adxudicación notificaráselles aos licitadores e publicarase no perfil do contratante.

## **DÉCIMOPRIMEIRA- Perfeccionamento e formalización do contrato**

A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado a Administración poderá acordar a incautación da garantía definitiva que, no seu caso, esixise.

O contrato poderá formalizarse en escritura pública se así o solicita o contratista, correndo ó seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento. Neste caso o contratista deberá entregar á Administración unha copia lexitimada e unha simple do citado documento no prazo máximo dun mes dende a súa formalización.

De conformidade co artigo 154.2 do TRLCSP a formalización do contrato publicarase no BOP nun prazo non superior a 48 días dende a data de formalización.

## **CAPITULO IV EXECUCIÓN DO CONTRATO**

### **DÉCILOSEGUNDA.- Duración e prórroga do contrato.**

1.-A concesión terá unha a duración de un sete anos a partir da formalización do correspondente contrato, coa posibilidade de ser prorrogado unha vez por outros sete anos.

2.- O concesionario deberá prestar o servizo obxecto do contrato dende a formalización do mesmo en documento administrativo.

3.- O Concello poderá obrigar ao concesionario a manter, tras o remate do contrato, a explotación dos servizos durante o prazo que considere necesario por razóns de eficacia e interese público, cun máximo de tres meses, nas condicións ata entón vixentes.

### **DÉCIMOTERCEIRA.- Execución do contrato. Principio de risco e ventura e mantemento do equilibrio económico**

1. O contratista está obrigado a organizar e prestar o servizo con estrita suxeición ás características establecidas no contrato, de conformidade cos pregos que rexen a licitación,



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

e nos termos da súa oferta, e dentro dos prazos sinalados no mesmo. A Administración conservará os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha dos servizos.

2. A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, segundo o disposto polo artigo 215 do TRLCSP.

O Concello, de acordo co disposto no artigo 282 do TRLCSP para os contratos de xestión de servizos públicos, deberá restablecer o equilibrio económico do contrato, en beneficio da parte que corresponda, nos supostos seguintes:

a) Cando a Administración modifique, por razóns de interese público e de acordo co establecido no título V do Libro I do TRLCSP, as características do servizo contratado.

b) Cando actuacións da Administración determinen de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato.

c) Cando causas de forza maior determinen de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato. A estes efectos, entenderase por causas de forza maior as definidas no artigo 231 do TRLCSP.

O restablecemento do equilibrio económico do contrato poderá consistir na modificación das tarefas a aboar polos usuarios, a redución do prazo do contrato e en xeral calquera modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato. Asemade, nos casos previstos nos apartados b e c poderá prorrogarse o prazo do contrato por un período que non exceda de un 10 % da súa duración inicial, respectando os límites máximos de duración previstos legalmente.

## **DÉCIMOCUARTA.- Intervención do servizo.**

O Concello poderá asumir temporalmente a prestación directa do servizo mediante secuestro en caso de desobediencia sistemática do concesionario ás disposicións da Corporación sobre conservación das obras e instalacións ou de mala fe na execución das mesmas, ou infracción de carácter grave que puxera en perigo a boa prestación do servizo público, incluída a desobediencia a ordes de modificación. A duración máxima non poderá ser superior aos 2 anos ou a unha terceira parte do prazo que reste para finalizar a concesión. Serán de aplicación os artigos 133 e seguintes do vixente Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

## **DÉCIMOQUINTA.- Infraccións e sancións**

### **1.- INFRACCIÓNS.**

As infraccións en que pode incorrer o concesionario clasifícanse en leves, graves e moi graves, tendo en conta para a súa cualificación as circunstancias concorrentes en cada caso, tales como intencionalidade, negligencia, reiteración, existencia ou non de danos para o servizo e para os intereses dos usuarios e a contía de tales danos.

A) Terán a consideración de infraccións moi graves:

1. A demora no inicio da prestación do servizo cuxa xestión e explotación ten concedida.

2. As interrupcións ou suspensións na prestación dos servizos aos usuarios cando elo non obedeza forza maior ou nos casos que se especifican neste prego.

3. A cesión da concesión sen a previa autorización do Concello.

4. A situación de grave e notorio descoído na conservación e mantemento das instalacións e demais infraestruturas básicas afectas ós servizos, sempre que mediara requirimento previo do Concello para a subsanación das citadas deficiencias, sen que se corruxirán oportunamente.



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

5. O incumprimento reiterado das ordes dos órganos competentes municipais, que revistan carácter esencial para a debida prestación dos servizos e non figuren especificamente tipificados no presente prego.
6. O falseamento da información que deba proporcionar o concesionario ó Concello, de conformidade co presente prego.
- 7.- A inobservancia de normas, disposicións ou resolucións administrativas emanadas das autoridades ou organismo competentes na materia, que afecten ó control e vixilancia da seguridade e calidade da auga, dos depósitos ou conducións existentes.
- 8.- A vulneración polo concesionario da normativa en material laboral e de Seguridade Social que fora de obrigado cumprimento para o mesmo.
- 9.- O cobro de tarefas superiores ás autorizadas polo Concello.
- 10.- O incumprimento reiterado das ordes do Alcalde ou dos acordos do Pleno Municipal ou Xunta de Goberno Local que revistan carácter esencial para a debida prestación dos servizos, que estando plenamente xustificadas, non figuren especificamente tipificadas no presente prego.
- 11.- A non contratación de pólizas de seguro que garanten en contía suficiente as responsabilidades a que se refire estes pregos.

B) Terán a consideración de infraccións graves, as seguintes:

1. O descoido notable na conservación e mantemento das instalacións e demais infraestruturas básicas afectas ós servizos que non tivesen o carácter de moi grave de conformidade co previsto anteriormente.
2. O incumprimento polo concesionario das Ordenanzas, Regulamentos e demais disposicións municipais reguladores dos servizos que as ditas normas cualifiquen como falta grave.
3. A obstrución polo concesionario da labor inspectora do Concello, sen prexuízo de que deban cualificarse como de falta moi grave cando os mesmos teñan carácter reiterado.
4. A inobservancia do establecido neste prego en cato á forma de levar os libros de reclamacións a disposición do público e libro de inspeccións a disposición do Concello
5. O incumprimento do deber de remitir ós organismos competentes, nos prazos aplicables, das informacións esixibles con carácter imperativo.

C) Terán a consideración de infraccións leves:

As demais faltas que non deban ser consideradas como graves ou moi graves, conforme ó disposto anteriormente, e que supoñan incumprimento das condicións estipuladas no presente prego ou das que se establezan nos Regulamentos de prestación do servizo.

## 2.- SANCIONES.

Previa tramitación do oportuno expediente administrativo, con trámite de audiencia en todo caso do contratista, as infraccións en que incorra o concesionario serán sancionadas coa imposición das seguintes penalizacións:

- a) As infraccións leves serán sancionadas polo Alcalde Presidente con apercibimento de multa de contía non superior ata SETECENTOS CINCUENTA EUROS (750 €)
- b) As infraccións graves serán sancionadas, previa instrución do correspondente expediente administrativo, polo Alcalde Presidente, con multa de contía comprendida ata MIL CINCOCENTOS EUROS (1.500 €)



# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

c) As infraccións cualificadas como moi graves serán sancionadas polo Alcalde Presidente previa instrución do correspondente expediente administrativo, con multa de contía comprendida ata TRES MIL (3.000€), sen prexuízo de que poida declarar a rescisión da concesión, de conformidade co establecido neste prego.

## **DÉCIMOSEXTA.- Responsabilidade do contratista. Seguro de responsabilidade civil.**

O contratista será responsable de todos os danos e prexuízos directos e indirectos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos prestados, quedando obrigado ao resarcimento de todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros ou á propia Administración. Deberá subscribir unha póliza de seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de 1.000.000,00 € por sinistro.

## **DECIMOSÉTIMA.- Modificación do contrato.**

O órgano de contratación so poderá acordar, unha vez formalizado o contrato, modificacións do mesmo nos casos e na forma previstos no Título V do TRLCSP, e de acordo co procedemento regulado no mesmo.

## **DÉCIMOITAVA.- Subcontratación.**

O adxudicatario do contrato solo poderá concertar con terceiros a realización de prestacións accesorias do contrato, conforme ó disposto no artigo 289 do TRLCSP, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 227 do TRLCSP, quedando obrigado ó cumprimento dos requisitos e obrigas establecidos no art.228 do mesmo texto legal. En todo caso, o contratista asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte á Administración.

O contratista deberá comunicar á Administración a súa intención de subcontratar, as prestacións accesorias do contrato a que afectará e a identidade do subcontratista, así como xustificar a aptitude deste por referencia ós elementos técnicos e humanos de que dispón e a súa experiencia.

## **DÉCIMONOVENA - Revisión de prezos**

A partida correspondente aos custes fixos tanto de abastecemento como de saneamento non será obxecto de revisión dado que responde na súa maior parte a custes de man de obra ou custes de amortización de equipos que deben ser subministrados ao principio do contrato.

Procederá unicamente revisar os custes variables segundo a fórmula que se indica a partir do primeiro ano:

$$K_t = 0,15 + 0,85 (E_t / E_o)$$

Onde

$K_t$  é o coeficiente a aplicar na revisión de prezos.





Et é o índice de prezo da enerxía do mes t

Eo é o índice de prezo da enerxía do mes 0

## **CAPITULO V DEREITOS E OBRIGAS DO CONTRATISTA**

### **VIXÉSIMA.- Dereitos e obrigas do contratista.**

#### **A)Obrigas**

- 1) Manter en todo momento as infraestruturas e instalacións obxecto do contrato en perfectas condicións de uso e manter en bo estado as obras, instalacións bens e medios auxiliares que a Administración puidese aportar.
- 2) Cumprir todas as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e tributaria, podendo o Concello, en calquera momento, recabar ó adxudicatario a acreditación documental do cumprimento dos ditos extremos.
- 3) Disporá do persoal necesario para satisfacer adecuadamente as esixencias do contrato.
- 4) O adxudicatario deberá de cumprir en relación ó persoal ó seu cargo as disposicións vixentes en materia laboral e velar polo cumprimento da lexislación, sobre seguridade e hixiene no traballo, sendo o Concello alleo ás relacións laborais do concesionario co seu persoal.
- 5) No caso de accidente ou prexuízo de calquera xénero ocorrido ós traballadores con motivo ou como consecuencia do exercicio dos seus cometidos, o adxudicatario cumprirá o disposto na lexislación vixente baixo a súa total responsabilidade, sen que esta alcance en modo ningún ó Concello de Mesía.
- 6) O adxudicatario deberá satisfacer toda clase de gastos que ocasione o contrato e formalización do mesmo, incluíndose as publicacións en diarios ou boletíns oficiais, pago de dereitos reais, obtención de licenzas, pago de taxas de toda índole e canto se derive do presente prego e da lexislación contributiva, fiscal e social.
- 7) Deixar as instalacións en perfectas condicións de uso ó termo do contrato. Así mesmo, serán de conta do adxudicatario os gastos ocasionados con motivo dos ensaios e análise de materiais das infraestruturas e instalacións.
- 8) Someter á previa conformidade do Concello os rótulos, carteis, anuncios e calquera elemento exterior que se pretenda instalar.
- 9) O contratista disporá dunha oficina de atención ó público no Concello de Mesía, dotadas dos medios humanos e materiais necesarios para a correcta realización destas funcións. Así mesmo o contratista disporá dos medios necesarios para a atención dos usuarios e para isto poderá facer uso dos elementos que considere máis oportunos a tal fin, tales como Internet, atención telefónica, correo postal e/ou electrónico, fax, etc. todo isto co fin de procurar unha boa relación e trato cos usuarios e facilitar a estes a súa relación co servizo.
- 10) Subscribir con unha entidade aseguradora unha póliza de responsabilidade civil, para indemnizar a terceiros dos danos de calquera tipo que poidan producirse a persoas ou cousas como consecuencia do servizo, por actos propios ou dos seus empregados con total independencia ó Concello de Mesía, tal como se establece no presente prego de cláusulas.



## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

- 11) Tomar ó seu cargo o pago dos gastos ordinarios de carácter tributario, os de servizos e subministros de consumo de enerxía eléctrica e outros que puideran ocasionarse por razón da explotación do servizo.
- 12) Comunicar ó Concello as anomalías e desperfectos que se produzan nas instalacións.
- 13) As que se deriven do presente prego e do prego de cláusulas de prescricións técnicas, así como as derivadas do regulamento de prestación do servizo.
- 14) Prestar o servizo coa continuidade convida e garantir ós particulares o dereito a utilizalo nas condicións sexan establecidas e mediante o abono, no caso, da contraprestación económica comprendida nas taxas aprobadas.
- 15) Coidar da boa orde do servizo, podendo ditar as oportunas instrucións.
- 16) O contratista deberá gardar sixilo respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e dos que teña coñecemento con ocasión do mesmo.
- 17) O contratista obrígase á confección do plano da rede de sumidoiro e de abastecemento de auga, que será realizado cos datos que lle facilitará o concello. Ditos planos deberán ser actualizados sempre que se produza unha variación nos mesmos.
- 18) O contratista facilitará ó Concello unha copia dos anteditos planos.
- 19) O concesionario disporá dun sistema para recepción de avisos de avaría fora do horario de oficinas.
- 20) O horario e a localización da oficina de atención ó público poderá modificarse de mutuo acordo entre o Concello e o concesionario, a teor das necesidades de cada momento.
- 21) O concesionario deberá, coas diferentes oficinas bancarias do municipio de Mesía, establecer os convenios pertinentes para que os usuarios poidan facer efectivo nas mesmas o pago dos recibos non domiciliados.
- 22) A empresa comprometerase a contestar todas aquelas reclamacións recibidas (a través de oficinas, teléfono, correo, fax ou Internet), nun prazo non superior a 5 días hábiles.
- 23) O concesionario, como mandatario do concello, realizará as actuacións de carácter material, técnicas e de preparación respecto á confección de padróns de usuarios, recibos e da xestión do cobro de tarefas do servizo de saneamento tras as accións de lectura, e facturación, que non impliquen exercicio de autoridade, custodia de fondos públicos, nin ditado de actos administrativos, tampouco o exercicio de funcións reservadas ó estatuto funcional.
- 24) Quedar suxeito á fiscalización do Concello, debendo facilitar cantos datos lle sexan requiridos en relación co servizo.
- 25) Render contas da súa xestión sempre que o Concello llo esixa.
- 26) O servizo quedará sometido permanentemente ó control do Concello, que poderá revisar os traballos realizados polo concesionario, en todo momento e lugar, sen menoscabo da autonomía e responsabilidades do concesionario. Sempre que as circunstancias o aconsellen o Concello, poderá solicitar ó concesionario, que este lle subministre cantos datos precise sobre os medios persoais e materiais que permitan ó primeiro tomar coñecemento actualizado dos niveis de calidade na prestación dos servizos e, faciliten, no seu caso, a adopción das medidas que se estimen pertinentes. Á vista dos informes, e das comprobacións efectuadas polos servizos municipais, o Concello, poderá propoñer as correccións ou modificacións que estime convenientes para a mellor prestación dos servizos. Podendo impoñelas, cando os informes técnicos así o recomenden



# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

e resulten adecuadas á legalidade aplicable. Ós efectos anteriores, o concesionario disporá dun libro de inspeccións para uso exclusivamente municipal, no que quedarán reflectidas as que realicen polo persoal designado polo Concello, así como as observacións que o dito persoal considere oportuno facer para o mellor funcionamento do servizo, con expresión da data en que se produzan as inspeccións.

27) Así mesmo, o concesionario deberá levar un libro de reclamacións, que estará a disposición dos usuarios. No dito libro, recolleranse as reclamacións que eses efectúen, unha copia das cales deberá ser enviada, obrigatoriamente, polo concesionario ó Concello, dentro dos dous días hábiles seguintes a aquel en que se produzan.

28) Prestar os servizos de abastecemento e saneamento con continuidade, regularidade e xeneralidade, sen discriminación ningunha.

29) A confección, envío, posta ó cobro e actualización de recibos e ficheiros ó día de aboados, no cal farase constar as características de cada subministro, debendo estar o mesmo, en todo momento, a disposición do Concello e traballos instrumentais e auxiliares de altas e baixas no correspondente padrón, nos períodos que determinen as correspondentes Ordenanzas.

## **B) Dereitos**

- Percibir a retribución económica nos termos previstos no presente prego.
- Ao mantemento do equilibrio económico-financieiro do contrato nos termos establecidos neste prego.
- Utilizar as instalacións municipais afectas ao servizo.
- Organizar os servizos obxecto da concesión de conformidade co establecido nos pregos de condicións e a oferta presentada.
- Solicitar da Entidade Local o mantemento da pacífica posesión contra calquera perturbación que de feito se lle cause.
- Solicitar do concello a asistencia en todos os impedimentos que se poidan presentar para a prestación do servizo.

## **VIXÉSIMOPRIMEIRA.- Facultades do Concello. Prerrogativas municipais.**

O Concello poderá inspeccionar o servizo, as súas instalacións, así como a documentación relacionada co obxecto do servizo e ditar, no seu caso, as disposicións oportunas para manter ou restablecer a debida prestación.

A teor do disposto nos artigos 210 e 211 TRLCSP, o Concello ostenta as prerrogativas contractuais de interpretación, modificación e resolución do contrato.

## **CAPITULO VI EXTINCIÓN DO CONTRATO**

### **VIXÉSIMOSEGUNDA.- Reversión de obras e instalacións do servizo**

O servizo reverterá á Administración cando remate o prazo de duración do contrato debendo o contratista, no seu caso, entregar as obras e instalacións a que esté obrigado con arranxo ós presentes pregos e no estado de conservación e funcionamento adecuados. A estes efectos, seis meses antes da finalización do prazo de duración do contrato, a



# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Administración efectuará as comprobacións e adoptará as disposicións pertinentes para que a entrega dos bens, no seu caso, se verifique nas condicións convidadas.

A Administración fixará a data en que terá lugar a reversión, de cuxo resultado se levantará acta, que deberá ser asinada polos concorrentes á mesma. Se o contratista non comparecese a este acto, se lle dará traslado da acta de reversión.

Se existise reclamación por parte do contratista respecto ás observacións formuladas polo representante da Administración, este elevaraa, co seu informe, ó órgano de contratación, que resolverá sobre o particular.

A devandita reversión non implicará indemnización de ningunha clase por parte do concello ao concesionario.

## **VIXÉSIMOTERCEIRA.- Devolución e cancelación da garantía definitiva**

Rematado o prazo do contrato, se non resultasen responsabilidades que haxan de exercitarse sobre a garantía definitiva, dítarase acordo de devolución de aquela ou de cancelación do aval.

## **VIXÉSIMOCUARTA.- Resolución do contrato.**

Será procedente a resolución do contrato polas causas previstas nos artigos 223, 286 e 287 do TRLCSP.

Asemade tamén poderán motivar a resolución do contrato:

1. As reiteradas deficiencias na execución do contrato ou a interrupción do mesmo, salvo causa de forza maior (unicamente se consideran causa de forza maior os previstos no artigo 231.2 do TRLCSP).
2. A obstrución ás facultades de inspección e dirección por parte do concello.
3. A manifesta falta de calidade na prestación do servizo.
4. O incumprimento reiterado do prego de prescricións técnicas do servizo, en canto a medios persoais ou materiais asignados ao servizo.

Tamén será de aplicación en canto ó contrato de xestión de servizos públicos o disposto en canto á resolución polo RSCL.

## **VIXÉSIMOQUINTA.- Interpretación do contrato.-**

Cantas dúbidas e discrepancias puideran xurdir na interpretación do contrato que se formalice, serán resoltas polos órganos competentes do Concello, cuxo acordo constituirá o acto administrativo que decida a cuestión, sen prexuízo dos recursos que o concesionario puidese interpoñer de conformidade coa lexislación aplicable en cada momento. O órgano de contratación ten a facultade de resolver cantas cuestións se susciten durante a vixencia do mesmo sobre a súa modificación, efectos e extinción, dentro dos límites e con suxeición ós requisitos sinalados na lei.

## **VIXÉSIMOSEXTA.- Xurisdición competente.**

Os litixios derivados do presente procedemento ou do contrato que en virtude do mesmo se celebre, estarán sometidos á xurisdición ós Xulgados e Tribunais do contencioso administrativo competentes con xurisdición neste Concello.

## **ANEXO I.**



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## **ESTUDIO TÉCNICO ECONÓMICO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO.**

### **1. NORMATIVA.**

Na redacción do seguinte estudio tivéronse en conta todas e cada unha das especificacións contidas na normativa seguinte:

- Criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano. Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro (BOE núm 45, 21/02/2003).
- Prego de prescricións técnicas xerais para tubarias de saneamento de poboacións. Orden de 15 de setembro de 1.986, do Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo (BOE núm 228, 23/09/1.986).
- Tarefas actuais do Concello de Mesía.
- Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- Lei de Prevención de Riscos Laborais 31/1995 de 8 de novembro.
- Ordenanzas Municipais.
- Outras normas e regulamentos que afecten a este tipo de instalacións.

### **2.- DATOS INICIAIS.**

Para a redacción do estudio técnico económico tivéronse en conta os seguintes parámetros:

-Relación das instalacións tanto de depuración de auga potable como augas residuais, bombeos e redes. No anexo I del Prego de Prescricións Técnicas referéncianse as instalacións existentes.

-Número de abonados e facturación do último ano.

Como datos xerais temos:

-Numero de Abonados:

a) Abastecemento: 318 (190 domésticos, 2 comerciais, 1 agrícola, 117 gandeiros, 8 industriais, 0 obras)

b) Saneamento: 47 (42 domésticos, 1 comercial, 0 agrícola, 3 gandeiros, 1 industrial, 0 obras)

-m3 facturados/año:

a) 37.316 m3 de subministro de auga. (31.188 m3 correspondentes a usuarios domésticos e 8.464m3 correspondentes a usuarios non domésticos)

b) 900 evacuación saneamento.

### **2.A- INGRESOS.**

Tarefas sen IVE segundo Ordenanzas fiscais vixentes:

**ABASTECIMENTO:** Ordenanza fiscal reguladora da taxa por distribución de auga, incluídos os dereitos de engancho, colocación e utilización de contadores, do concello de Mesía, publicada no BOP nº 88, de data 10 de maio do 2011.





# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Usos domésticos, agrícolas, gandeiros e comerciais	
Cota fixa trimestral	3 euros/abonado trimestre
Consumo	
De 0 a 30 m3/ abonado trimestre	0,30 €/m3
De 31 a 60 m3/abonado trimestre	0,45 €/m3
Máis de 60 m3/abonado trimestre	0,65 €/m3
Usos industriais	
Cota fixa trimestral	4,50 €/abonado trimestre
Consumo	
De 0 a 30 m3/ abonado trimestre	0,35 €/m3
De 31 a 60 m3/abonado trimestre	0,50 €/m3
Máis de 60 m3/abonado trimestre	0,70 €/m3
Usos para obras:	
Cota fixa trimestral	5 €/abonado trimestre
Consumo	
De 0 a 30 m3/ abonado trimestre	0,40 €/m3
De 31 a 60 m3/abonado trimestre	0,55 €/m3
Máis de 60 m3/abonado trimestre	0,75 €/m3
Subministro e instalación de contador, válvula de corte, válvula antirretorno e racores necesarios para a conexión	72,00€
Exceso de 5 metros á rede en entubado de 1" facturárase previo orzamento realizado polo concello. (para diámetros diferentes a 1" realizarase estudio específico)	11,00 €/m en terra 21,00 €/m en asfalto 24,00 €/m en aceiras

**SANEAMENTO:** Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo da rede de sumidoiros do Concello de Mesía publicada no BOP nº 187 de data 1 de outubro de 2012.

Todos os usos: Cota fixa trimestral: 14 euros/abonado trimestre.

## **-Porcentaxes de consumo:**

Domiciliario:

Sen consumo: 6,09%

Consumo menor de 30m3: 16,35%

Consumo entre 30 e 60 m3: 14,21%

Consumo maior de 60 m3: 56%

Industrial:

Consumo menor de 30 m3: 3,40%

Consumo entre 30 e 60 m3: 9,25%

Consumo maior de 60 m3: 76,35%

## **2.B- GASTOS.**

En canto aos custes de explotación dividíronse en:

**Gastos fixos:** Dentro de los cales se contemplaron os capítulos necesarios para o desenvolvemento da explotación do servizo, sendo os seguintes:

**-Persoal:** Considerouse o seguinte persoal, conxunto para ambos servizos de abastecemento de auga e saneamento:

1 Xefe de servizo a tempo parcial.



# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

1 Administrativo a tempo parcial.

1 Operario a tempo parcial.

**-Vehículos:** Considérase unha furgoneta para o desenvolvemento do servizo.

**-Equipos e materiais:** Considéranse necesarios para o desenvolvemento do servizo os seguintes:

1 furgoneta  
1 martelo picador  
1 grupo electrógeno  
1 bomba de achique  
1 cortadora de asfalto  
1 rebarbadora eléctrica  
1 taladro  
1 remolque para furgoneta  
1 TPL (terminal portátil de lectura)  
1 detector microacústico de fugas  
1 detector de fugas correlación acústica sobre furgoneta  
1 camión de saneamento  
Equipos de seguridade ETAP

**-Conservación e mantemento:** Consideráronse as distintas operacións de mantemento nas instalacións e a limpeza de sumidoiros e colectores.

Captación e ETAP  
Deposito de Montouto  
Rede de distribución abastecemento  
Bombeo residuais de Xanceda  
Fosa séptica de Xanceda  
Rede de colectores

**-Xestión de abonados:** Consideráronse cartas e notificacións aos abonados.

**-Analítica:** Considerouse a relación analítica que hai que facer segundo o RD 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano. Establécese a seguinte frecuencia analítica:

Abastecemento:

CONTROL, ETAP/deposito: 2 ano  
CONTROL, rede de distribución: 2 ano  
COMPLETO, ETAP/deposito: 1 ano  
COMPLETO, rede de distribución: 1 ano  
Grifo do consumidor: 6 ano

Servizo de saneamento:



# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Vertido fosa séptica: 3 ano

Medio receptor: 3\*2 ano

**-Administración e varios:** Consideráronse os seguintes capítulos:

Aluguer oficina e almacén

Teléfono, correos, etc.

Seguro Responsabilidade Civil

I.T.P.

Varios

**Gastos variables:** Dentro dos cales se contemplaron os capítulos necesarios para o desenvolvemento da explotación do servizo, sendo os seguintes:

**-Energía eléctrica:** Servizo de abastecemento e saneamento

Captación e ETAP

Bombeo residuais de Xanceda

**-Reactivos químicos:** Servizo de abastecemento.

Reactivos ETAP e depósitos (hipoclorito)

### 3.- ESTUDIO INGRESOS-GASTOS.

DESGLOSE DOS CUSTES FIXOS DA EXPLOTACION DO SERVIZO			ANUAL
GASTOS FIXOS	Abastecemento	Saneamento	TOTAL
	€/año	€/año	€/año
<b>PERSONAL</b>			
1 Xefe de Servizo a t/p	1.500,00	0	1.500,00
1 Administrativo a t/p	1.500,00	0	1.500,00
1 Operario a t/p	13.000,00	2.000,00	15.000,00
<b>SUBTOTAL PERSONAL</b>	<b>16.000,00</b>	<b>2.000,00</b>	<b>18.000,00</b>
<b>VEHÍCULOS</b>			
1 Furgoneta	3.300,00	300,00	3.600,00
<b>SUBTOTAL VEHÍCULOS</b>	<b>3.300,00</b>	<b>300,00</b>	<b>3.600,00</b>
<b>EQUIPOS E MATERIAIS</b>			
1 Furgoneta			16.000,00
1 Martelo picador			2.400,00
1 Grupo electrógeno			2.100,00
1 Bomba de achique			900,00
1 Cortadora de asfalto			900,00
1 Rebarbadora eléctrica			400,00
1 Taladro			240,00
1 Remolque para furgoneta			960,00
1 TPL (terminal portátil de lectura)			700,00
1 detector microacústico de fugas			Sen cargo
1 detector de fugas correlación acústica sobre furgoneta			Sen cargo
1 Equipo de seguridade ETAP			1.000,00
<b>SUBTOTAL EQUIPOS E MATERIAIS</b>			<b>25.600,00</b>



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

* Anualidade Amortización (Media 7 anos)			
SUBTOTAL INVERSIONS	3.200,00	457,14	3.657,14
<b>CONSERVACIÓN E MANTEMENTO</b>			
Captación e ETAP	2.200,00	-	2.200,00
Deposito de Montouto	500,00	-	500,00
Rede de distribución e mantemento	2.000,00	-	2.000,00
Bombeo de residuais de Xanceda	-	500,00	500,00
Fosa séptica de Xanceda (inclúe limpeza, baleirado e tratamento)	-	1.800,00	1.800,00
Rede de colectores (inclúe limpeza, baleirado e tratamento)	-	2.000,00	2.000,00
SUBTOTAL CONSERVACIÓN E MANTEMENTO	4.700,00	4.300,00	9.000,00
<b>XESTION DE ABONADOS</b>			
Aboados			330
Recibos, listados, cartas, etc...			0,50
Nº de cartas			1.320
SUBTOTAL XESTIÓN DE ABONADOS	560,00	100,00	660,00
<b>ANALÍTICA</b>			
Control: ETAP/Deposito = 2	174,82	-	174,82
Rede distribución = 2	314,54	-	314,54
Completo: ETAP/Deposito = 1	861,60	-	861,60
Rede distribución = 1	861,60	-	861,60
Grifo do consumidor = 6	400,56	-	400,56
Vertido fosa séptica = 3	-	370,80	370,80
Medio receptor = 3*2	-	710,40	710,40
SUBTOTAL ANALÍTICA	2.613,12	1.081,20	3.694,32
<b>ADMINISTRACIÓN E VARIOS</b>			
Teléfono, correo, etc	1.000,00	0	1.000,00
Seguro R.C.	1.500,00	300,00	1.800,00
I.T.P. (4% x impor canon)	300,00	100,00	400,00
Varios	200,00	0	200,00
SUBTOTAL ADMINISTRACIÓN E VARIOS	3.000,00	400,00	3.400,00
PARCIAIS	33.373,12	8.638,34	42.011,46
<b>SUMA</b>			<b>42.011,46</b>

RESUMO CUSTES FIXOS DA EXPLOTACIÓN DO SERVIZO			ANUAL
GASTOS FIXOS	Abastecemento €/año	Saneamento €/año	TOTAL €/año
PERSONAL	16.000,00	2.000,00	18.000,00
VEHÍCULOS	3.300,00	300,00	3.600,00
EQUIPOS E MATERIAIS	3.200,00	457,14	3.657,14
CONSERVACIÓN E MANTEMENTO	4.700,00	4.300,00	9.000,00
XESTIÓN DE ABONADOS	560,00	100,00	660,00
ANALÍTICA	2.613,12	1.081,20	3.694,32



# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ADMINISTRACIÓN E VARIOS	3.000,00	400,00	3.400,00
PARCIAIS	33.373,12	8.638,34	42.011,46
<b>SUMA</b>			<b>42.011,46</b>
GASTOS XERAIS E BENEFICIO INDUSTRIAL	19,00%		7.982,18
<b>TOTAL GASTOS FIXOS</b>			<b>49.993,64</b>

DESGLOSE DOS CUSTES VARIABLES DA EXPLOTACIÓN DO SERVIZO			ANUAL
GASTOS VARIABLES	Abastecemento	Saneamento	TOTAL
	€/año	€/año	€/año
<b>ENERXÍA ELÉCTRICA</b>			
Captación e ETAP	11.455,95	-	11.455,95
Bombeo residuais Xanceda	-	331,02	331,02
<b>SUBTOTAL ENERXÍA ELÉCTRICA</b>	<b>11.455,95</b>	<b>331,02</b>	<b>11.786,97</b>
<b>REACTIVOS</b>			
Reactivos ETAP e depósitos	701,25	-	701,25
<b>SUBTOTAL REACTIVOS</b>	<b>701,25</b>	<b>-</b>	<b>701,25</b>
<b>PARCIAIS</b>	<b>12.157,20</b>	<b>331,02</b>	
<b>SUMA</b>			<b>12.488,22</b>

RESUMO CUSTES VARIABLES DA EXPLOTACIÓN DO SERVIZO			ANUAL
GASTOS VARIABLES	Abastecemento	Saneamento	TOTAL
	€/año	€/año	€/año
ENERXÍA ELÉCTRICA	11.455,95	331,02	11.786,97
REACTIVOS	701,25		701,25
<b>PARCIAIS</b>	<b>12.157,20</b>	<b>331,02</b>	<b>12.488,22</b>
<b>SUMA</b>			<b>12.488,22</b>
GASTOS XERAIS E BENEFICIO INDUSTRIAL	19,00%		2.372,76
<b>TOTAL GASTOS VARIABLES</b>			<b>14.860,98</b>

TOTAL CUSTES DA EXPLOTACIÓN DO SERVIZO			ANUAL
GASTOS FIXOS	Abastecemento	Saneamento	TOTAL
	€/año	€/año	€/año
	39.714,01	10.279,62	49.993,63
GASTOS VARIABLES	Abastecemento	Saneamento	TOTAL
	€/año	€/año	€/año
	14.467,07	393,91	14.860,98
<b>TOTAL CUSTES DE EXPLOTACIÓN</b>	<b>54.181,08</b>	<b>10.673,53</b>	<b>64.854,61</b>





# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

PREVISIÓN DE INGRESOS TARIFARIOS (AUGA + SANEAMIENTO)			ANUAL
INGRESOS (S/ IVA)	Abastecemento	Saneamento	TOTAL
	€/año	€/año	€/año
	23.405,00	2.800,00	26.205,00
TOTAL PREVISIÓN INGRESOS DE EXPLOTACIÓN	23.405,00	2.800,00	26.205,00

## 4. CONCLUSIÓN. BALANCE ECONÓMICO DA EXPLOTACIÓN

BALANCE ECONOMICO DA EXPLOTACION			ANUAL
TOTAL CUSTES DE EXPLOTACIÓN	Abastecemento	Saneamento	TOTAL
	54.181,08	10.673,53	64.854,61
TOTAL PREVISIÓN INGRESOS DE EXPLOTACIÓN	23.405,00	2.800,00	26.205,00
<b>BALANCE ECONOMICO DA EXPLOTACION</b>	<b>- 30.776,08</b>	<b>- 7.873,53</b>	<b>- 38.649,61</b>

## ANEXO II

### VALORACIÓN OFERTA ECONÓMICA

A oferta económica será puntuada segundo o seguinte proceso:

1. Obtención da baixa ofertada para cada licitador para cada termo de custe (abastecemento fixo, abastecemento variable, saneamento fixo, saneamento variable):

$$B_{afí} = P_{af} - O_{afí}$$

$$B_{aví} = P_{av} - O_{aví}$$

$$B_{sfí} = P_{sf} - O_{sfí}$$

$$B_{sví} = P_{sv} - O_{sví}$$

sendo:

$P_{af}$  : importe custe fixo abastecemento segundo estudo (€)

$P_{av}$  : importe custe variable abastecemento segundo estudo (€/m<sup>3</sup>)

$P_{sf}$  : importe custe fixo saneamento segundo estudo (€)

$P_{sv}$  : importe custe variable saneamento segundo estudo (€/m<sup>3</sup>)

$O_{afí}$  : oferta presentada no custe fixo do abastecemento (€)

$O_{aví}$  : oferta presentada no custe variable do abastecemento (€/m<sup>3</sup>)

$O_{sfí}$  : oferta presentada no custe fixo do saneamento (€)

$O_{sví}$  : oferta presentada no custe variable do saneamento (€/m<sup>3</sup>)

$B_{afí}$  : baixa resultante no custe fixo do abastecemento (€)

$B_{aví}$  : baixa resultante no custe variable do abastecemento (€/m<sup>3</sup>)

$B_{sfí}$  : baixa resultante no custe fixo do saneamento (€)

$B_{sví}$  : baixa resultante no custe variable do saneamento (€/m<sup>3</sup>)



# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

2. Expresión de cada baixa ofertada para cada termo do custe en porcentaxe sobre o importe correspondente segundo estudo

$$B_{xxi}(\%) = \frac{B_{xxi}}{P_{XX}} \cdot 100$$

$$xx = \{af, av, sf, sv\}$$

3. Obtención da baixa media porcentual para cada un dos termos do custe:

$$B_{xxm}(\%) = \frac{\sum_{i=1}^n B_{xxi}(\%)}{n}$$


sendo:

$B_{xxm}(\%)$  : baixa media porcentual de cada termo do custe

$B_{xxi}(\%)$  : baixa porcentual de cada licitador para cada termo do custe

$n$  : número de licitadores

4. Asignación da puntuación obtida por treitos para cada termo do custe segundo a seguinte gráfica:



- a. Se  $B_{xxi}(\%) \leq (B_{xxm}(\%) - 5)$  a puntuación obtense de:

$$P_{xxi} = 80 \cdot \frac{B_{xxi}(\%)}{B_{xxm}(\%) - 5}$$

- b. Se  $(B_{xxm}(\%) - 5) < B_{xxi}(\%) \leq (B_{xxm}(\%) + 5)$  a puntuación obtense de:



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

$$P_{axi} = 80 + \frac{[B_{axi}(\%) - (B_{axm}(\%) - 5)]}{[(B_{axm}(\%) + 5) - (B_{axm}(\%) - 5)]} \cdot (95 - 80)$$

c. Se  $B_{axi}(\%) > (B_{axm}(\%) + 5)$  a puntuación obtense de:

$$P_{axi} = 95 + \frac{[B_{axi}(\%) - (B_{axm}(\%) + 5)]}{[B_{max}(\%) - (B_{axm}(\%) + 5)]} \cdot (100 - 95)$$

sendo:

$B_{axmax}(\%)$ : a máxima das baixas porcentuais calculadas para o termo do custe considerado

$P_{axi}$ : a puntuación obtida por cada licitador para o termo de custe considerado

5. Puntuación final de cada licitador, mediante ponderación e unificación das puntuacións obtidas para cada termo do custe segundo a seguinte fórmula:

$$P_i = 0,51 \times (0,61 \times P_{afi} + 0,22 \times P_{avi} + 0,16 \times P_{sfi} + 0,01 \times P_{svi})$$

## ANEXO III. CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

ADMINISTRACIÓN CONTRATANTE CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)	
0. REGULACIÓN HARMONIZADA	Contrato non suxeito a regulación harmonizada
1. NÚMERO DE EXPEDIENTE	C 14/2014
2. OBXECTO DO CONTRATO:	Abastecemento de auga e saneamento do Concello de Mesía
3. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:	Pleno
4. TIPO DE PROCEDIMENTO	Aberto
5. PUBLICIDADE:	Boletín Oficial de Provincia, Diario Oficial de Galicia e perfil do contratante
6. TIPO DE CONTRATO:	Xestión servizo público (concesión)
7. TRAMITACIÓN:	Ordinaria
8. CRITERIOS ADXUDICACIÓN:	Varios criterios: oferta económica e proxecto do servizo. Cláusula 9ª PCAP.
9. CPV:	DESCRIPCIÓN DE CPV:
90400000-1	Servizos de sumidoiros
90410000-4	Servizos de retirada de augas residuais
90420000-7	Servizos de tratamento de augas residuais
90450000-6	Servizos de tratamento de fosas sépticas
90460000-9	Servizos de baleirado de pozos negros y fosas sépticas
90470000-2	Servizos de limpeza de sumidoiros
90480000-5	Servizos de xestión de sumidoiros
90481000-2	Explotación dunha planta de tratamento de augas residuais
90490000-8	Servizos de inspección de sumidoiros e de asesoramento en materia de augas residuais
71354400-8	Servizos hidrográficos
71353100-8	Servizos de estudos hidrográficos.
65100000-4	Distribución de auga e servizos conexas
65111000-4	Distribución de auga potable
65120000-0	Explotación dunha planta depuradora de auga
65130000-3	Explotación do subministro de auga
65500000-8	Servizo de lectura de contadores
10. PRECIO DO CONTRATO:	64.854,61€ anuais, máis o IVE do 10% (6.485,46€).
11. VALOR ESTIMADO:	907.964,54€.
12. PRAZO DE EXECUCIÓN	SETE ANOS PRÓRROGA: UNHA, POR OUTROS SETE ANOS
13. REVISIÓN DE PRECIOS:	SI. Cláusula 19ª PCAP
14. GARANTÍAS	PROVISIONAL: NO



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

	DEFINITIVA :	SÍ: 22.699,11€
	COMPLEMENTARIA:	NO
15. MESA DE CONTRATACIÓN:		SI
16. CLASIFICACIÓN		Non se esixe
17. SOLVENCIA	A. ECONÓMICO-FINANCIERA:	Cláusula 10ªPCAP
	B. TÉCNICA OU PROFESIONAL:	Cláusula 10ªPCAP
18. FORMA, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓN	A. FORMA:	Cláusula 7ª PCAP
	B. PRAZO:	Quince días contados desde o día seguinte ó da última publicación do anuncio de licitación no BOP ou no DOG
	C. LUGAR:	Casa Consistorial, de 8:00 a 15:00 horas, de luns a venres, e sábado de 9:30 a 13:30.
19. OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN		Casa do Concello, de 8:00 a 15:00 horas, de luns a venres, e sábado de 9:30 a 13:30 (excepto sábados de xullo e agosto). Xanceda s/n 15685 Mesía (A Coruña). Teléfono: 981687001, Fax: 981687069. CORREO ELECTRÓNICO: correo@mesia.dicoruna.es
20. PERFIL DO CONTRATANTE		Dirección páxina web: <a href="http://www.concellodemesia.es">www.concellodemesia.es</a>
21. GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN		Por conta do contratista adxudicatario

**Dilixencia que estendo eu, secretario-interventor, para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas cos seus Anexos I, II e III, que consta de 28 páxinas, foi aprobado por acordo plenario de data 9 de setembro de 2014.**

En Mesía, a 9 de setembro de 2014.

O secretario-interventor,

**Eladio Bendaña Pardo.**

## **PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO NO CONCELLO DE MESÍA, POR PROCEDIMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS.**

### **1. OBXECTO DA CONCESIÓN.**

1.1. Xestión do abastecemento domiciliario de auga potable, no referente á produción, adquisición, tratamento e distribución de caudais; a xestión, explotación, mantemento e reposición das conducións e os seus elementos, instalacións de depuración de auga potable, depósitos, instalacións de bombeo e impulsión e demais instalacións e infraestruturas afectas ao servizo; a subministración, instalación, mantemento e reposición dos contadores de auga; control fisico-químico das augas, especialmente as de consumo humano; a determinación de consumos e a facturación e cobramento aos usuarios das taxas municipais por prestación do servizo, e en xeral, calquera actividades complementarias que se deriven das anteriores.

1.2. Xestión do sistema de rede de sumidoiros, entendendo por tal a recollida de augas residuais e pluviais que se xeren no termo municipal e o seu transporte ata os puntos de depuración ou vertedura ao medio natural; a xestión, explotación, mantemento e reposición das redes, instalacións de depuración, pozos de rexistro, bombeo e demais infraestruturas existentes; sistema de eliminación de lodos derivados de procesos de depuración; a facturación e cobramento aos usuarios das taxas municipais pola prestación do servizo, e en xeral, calquera actividades complementarias que se deriven das anteriores.



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

1.3. Xestión de sistema de depuración de augas residuais, entendendo por tal a realización dos traballos que se enumeran a título enunciativo: o mantemento e reposición de redes de colectores xerais e estacións de servizo de depuración, así coma a obra civil asociada a tales actuacións; a facturación e cobro das tarifas pola prestación deste servizo, e en xeral, outras actividades complementarias..

1.4. A xestión, explotación e mantemento abranguerá a estrutura actual e as ampliacións por recepción de novas infraestruturas e instalacións que no futuro se vaian incorporando en execución de Proxectos de mellora e ampliación das redes do devandito servizo, sen prexuízo da correspondente actualización das condicións técnico económicas derivadas de tales ampliacións, previa audiencia ao concesionario.

1.5. A realización, logo de encargo do Concello de Mesía e acordo das partes, de calquera outra actuación relacionada co ciclo integral da auga.

1.6. O concesionario deberá manter as instalacións e xestionar o servizo de conformidade co que, en cada momento e segundo o progreso da ciencia, dispoña a normativa técnica, medio ambiental, de seguridade e en xeral calquera outra que lle fose aplicable.

## **2. ÁMBITO TERRITORIAL E FUNCIONAL.**

O ámbito territorial da concesión administrativa é o termo municipal de Mesía e as súas obras e infraestruturas de titularidade municipal asociadas aos servizos municipais de subministración de auga potable, rede de sumidoiros e depuración.

O ámbito funcional da concesión comprende a explotación integral do servizo de subministración de auga potable do municipio, incluíndo todos os seus aspectos organizativos, técnicos e de xestión, así como a recadación dos conceptos relacionados cos servizos obxecto do contrato. Comprende, pois, a achega polo concesionario, e ao seu cargo, de cantos medios humanos, técnicos e materiais resulten precisos para a correcta realización dos labores a que obriga a explotación e xestión dos servizos municipais de abastecemento de auga e rede de sumidoiros obxecto da concesión.

## **3. TITULARIDADE DO SERVIZO.**

Os servizos concedidos seguirán ostentando en todo momento a cualificación de servizos municipais. Así mesmo, a titularidade das instalacións, infraestruturas, bens ou elementos afectos, ou que no futuro se afecten a eles, terán en todo momento a cualificación de bens de dominio público con destino a servizo público. O concesionario actuará sempre como mandatario do Concello de Mesía, mantendo este, para todos os efectos, a titularidade dos servizos públicos concedidos.

## **4. INFRAESTRUTURAS E INSTALACIÓNS OBXECTO DA CONCESIÓN.**

1. As infraestruturas e instalacións de titularidade municipal afectas aos servizos de auga e rede de sumidoiros e polo tanto, da concesión, son as indicadas e descritas no Anexo I deste prego.

2. Unha vez adxudicado o contrato, e antes de que transcorran os tres primeiros meses da concesión, o concesionario confeccionará os planos das redes de distribución, a escala 1:2000. Figurarán neles as dimensións e situación de tubarías, válvulas, pozos, cámaras de descarga, bocas de rego e descarga. Estes planos estarán nas oficinas do Concello e o concesionario terá unha copia deles. Cando se efectúe calquera rectificación ou ampliación, entregarase, polo concesionario, ao Concello un orixinal que recolla eses





# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

cambios e, en calquera caso, cando sexa solicitado polo xefe dos servizos técnicos municipais, en formato DWG

3. Serán cedidas para o seu uso polo concesionario as obras ou instalacións de abastecemento ou saneamento que reciba ou execute directamente o concello durante a vixencia da concesión. Devandita cesión, de obrigada recepción, incorporaranse aos citados inventario e planimetría, que se actualizarán cada vez que se produza nos mesmos calquera modificación.

4. Extinguida a concesión, calquera que for a súa causa, se devolverán ao Concello, en condicións normais de uso, a totalidade dos bens afectos nese momento ao servizo, e que deberán estar reflectidos no inventario e planimetría actualizados.

## **5. OBRIGAS DO CONCESIONARIO.**

### **5.1 Abastecemento de auga potable.**

#### **A) Da subministración e calidade da auga.**

1. A auga a subministrar os subscritores, virá das captacións e bombeos actuais existentes e os que se realicen novos. O concesionario ten que asegurar a distribución de auga dentro dos caudais que existen e das instalacións recibidas, garantindo en todo momento o seu aproveitamento.

2. O concesionario obrígase a que a calidade bacteriolóxica da auga que se distribúa responda ás condicións sanitarias e de salubridade fixadas polas normas legais e regulamentarias vixentes e pola Administración Sanitaria competente, para o cal deberá facer as análises periódicas de calidade, comunicando ao Concello os resultados. Cando a calidade da auga non responda ao previsto anteriormente para a súa distribución, o concesionario deberá comunicar a circunstancia de inmediato ao Concello e adoptará as medidas oportunas de xeito inmediato.

3. O concesionario deberá prestar o servizo de abastecemento cumprindo a calidade que marca a normativa legal e regulamentaria vixente que resulte de aplicación, asumindo a responsabilidade das posibles infraccións que puidese cometer pola inobservancia das condicións anteditas.

4. O concesionario asumirá a prestación do servizo cos medios que se poñen á súa disposición á formalización do contrato, non podendo alegar falta de medios ou deficiencias nas instalacións co fin de eximir a súa responsabilidade na correcta prestación do servizo de acordo coa lexislación vixente de aplicación.

5. Do mesmo modo o concesionario se compromete a proporcionar a subministración de auga coa presión e cantidade axeitada para os usos a que se destina.

6. O concesionario será responsable directo das sancións que se puidesen impoñer polos organismos administrativos como consecuencia do incumprimento das condicións impostas na lexislación vixente.

#### **B) Das instalacións.**

1. O concesionario unha vez adxudicado o contrato será responsable e asumirá, ao seu cargo, todos os gastos de conservación e mantemento das instalacións. A conservación das canalizacións e a rede de distribución, comprenderá a vixilancia, control, conservación, reparación e mantemento das estacións de bombeo, impulsión e depuración, depósitos municipais, conduccións xerais e redes de distribución, a busca de escapes ou fugas e a súa reparación, así como a verificación e reparación, se é o caso, das vilas, bocas de rego e



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

incendio, válvulas, comportas, etc. sendo á súa costa todos os gastos derivados destas operacións, así como a detección e denuncia de acometidas clandestinas.

2. O concesionario poñerá a disposición do servizo un equipo de mantemento e reparación que cubra con eficacia e eficiencia a reparación das avarías que se produzan. Tales reparacións correrán sempre a cargo do concesionario. Unha vez detectado, o concesionario, de xeito inmediato, sexa cal fora o horario en que se producise, terá que proceder a resolvela. Sempre terá o concesionario que repoñer o pavimento que esnaquice, levante ou deteriore, e deixalo en perfecto estado.

3. As instalacións afectas ao servizo soamente poderán ser empregadas para a prestación do servizo dentro do termo municipal, salvo que por razóns de interese público, o Concello de Mesía autorizase expresamente o contrario.

## **5.2 Rede de subministracións, saneamento, depuración e mantemento da EDAR.**

1. O concesionario asumirá, ao seu cargo, todos os gastos de conservación das instalacións de saneamento, depuración, rede de sumidoiros e EDAR, e así mesmo realizará as seguintes operacións:

a) Efectuarán limpeza periódicas dos sumidoiros e colectores, cos medios axeitados para ese traballo.

b) Efectuarán o mantemento e conservación de unidades de bombeo e impulsión.

c) Baleirado e limpeza dos pozos nas estacións de bombeo, como mínimo tres veces ao ano.

d) Reparacións de roturas na rede e pozos de rexistro.

e) Desatascado de sumidoiros e colectores.

f) Control periódico e puntual de emisións e caudais.

g) Detección e reparación inmediata de fugas.

h) Vixilancia e denuncia das emisións clandestinas e incontroladas.

i) Estudo das irregularidades na rede existente e plan de melloras.

j) Depuradoras de augas residuais: vixilancia diaria e mantemento da instalación. O concesionario asumirá á súa costa, todos os gastos necesarios para o correcto funcionamento da Depuradora. Así mesmo serán á súa costa a eliminación dos residuos e lodos da depuradora e as foxas sépticas existentes por medio dun xestor autorizado pola Administración.

k) Limpeza periódica dos sumidoiros e colectores cos medios axeitados para o traballo.

l) Efectuar un inventario de verteduras industriais determinándose as substancias que poidan perturbar á boa marcha da instalación de depuración e os tratamentos particulares que deberán realizar, de ser o caso, o subscritor industrial, para que lle sexa permitido verter á rede pública de saneamento.

m) Asumir o custo de enerxía derivado do funcionamento destas instalacións e dependencias anexas.

2. O concesionario asumirá a prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento, depuración e mantemento da EDAR cos medios que se poñen á súa disposición á formalización do contrato ou no momento da súa incorporación á concesión. Non poderá alegar falta de medios ou deficiencias nas instalacións co fin de eximirse da súa responsabilidade na correcta prestación do servizo, de acordo coa lexislación vixente de aplicación e nas condicións de autorización de verteduras ou calquera outra autorización, sendo o concesionario responsable directo das posibles sancións que se puidesen impoñer



polos organismos administrativos, como consecuencia do incumprimento da lexislación vixente e das condicións das autorizacións.

### **5.3. Impulsión e E.T.A.P.**

O concesionario asumirá, ao seu cargo, todos os gastos de conservación e funcionamento das instalacións de impulsión, bombeo e E.T.A.P., que formen parte da concesión no momento de firma do contrato ou que se incorporen posteriormente, e así mesmo realizará as seguintes operacións:

- a) Efectuarán limpeza periódicas cos medios axeitados para ese traballo.
- b) Efectuarán o mantemento e conservación de unidades de bombeo e impulsión.
- c) Control periódico e puntual de emisións e caudais.
- d) Detección e reparación inmediata de fugas.
- e) Asumir o custo de enerxía derivado do funcionamento destas instalacións e dependencias anexas.

### **5.4. Analíticas**

Con base no Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, establécese a seguinte frecuencia analítica:

#### **Abastecemento:**

CONTROL, ETAP/deposito: 2 ano

CONTROL, rede de distribución: 2 ano

COMPLETO, ETAP/deposito: 1 ano

COMPLETO, red de distribución: 1 ano

Grifo del consumidor: 6 ano

#### **Saneamento:**

Vertido fosa séptica: 3 año

Medio receptor: 3\*2 año

### **5.5. Continuidade do servizo.**

Salvo en casos de forza maior, o concesionario non pode interromper a subministración e servizos da concesión. nos casos seguintes poderá interromper o servizo, previa comunicación ao Concello e aos usuarios con antelación mínima de 72 horas:

- Reforzos e ampliacións das redes e instalacións.

-Paros de urxencia, para atender as reparacións programadas de avarías nas instalacións.

Nos casos de paros de urxencia para atender a reparacións non programadas de avarías nas instalacións, o aviso será inmediato dende o momento que en que se teña coñecemento da avaría. Estas comunicacións faranse ao Concello e aos usuarios.

### **5.6. Subministración a dependencias municipais.**

A subministración e demais servizos da concesión realizaranse á totalidade das dependencias municipais. Esta subministración será sen cargo para aquelas instalacións xestionadas directamente polo Concello de Mesía tales como as dependencias municipais, parques, xardíns, instalacións deportivas e culturais, locais sociais...e afectará tanto ás instalacións presentes como ás futuras que así determine o concello.



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## **5.7. Oficina do servizo.**

O Concello facilitará oficina para atención ao público durante a vixencia do contrato, sendo por conta do concesionario a dotación e mantemento da mesma.

## **5.8. Confección, facturación e cobramento de recibos.**

a) O concesionario confeccionará, cada tres meses, os recibos dos importes dos servizos prestados. Cada trimestre ou coa periodicidade que sinale as Ordenanzas ou o Regulamento Regulador de prestación do servizo, confeccionará unha relación cobratoria dos usuarios, especificando as contías por cada un dos conceptos e aplicando as tarifas correspondentes. Expedirá os correspondentes recibos axustándose á relación cobratoria dos usuarios, especificando as contías polos conceptos que sexan e aplicando as tarifas correspondentes.

b) O concesionario está obrigado a incluír no recibo de abastecemento, saneamento e depuración, outros tributos que o Concello puidese aprobar e lle resulten de aplicación. Deberá, se é o caso, incluír o canon de saneamento da Comunidade Autónoma de Galicia ou calquera outro canon análogo, así como o IVE que corresponda.

c) O ingreso dos recibos realizarase no período que sinale o Concello. O concesionario estará facultado para poder establecer convenios con entidades bancarias que teñan oficina no termo municipal de Mesía, para que os usuarios poidan facer o pagamento ou domiciliar os recibos.

e) O Concello faculta ao concesionario para realizar o corte e a suspensión da subministración previo o trámite administrativo correspondente en caso de impago. O concesionario nestas actuacións está sometido á función fiscalizadora municipal. Debe facilitar ao Concello cantos datos lle sexan requiridos. Debe render contas tanto económicas coma de xestión cos usuarios, cando o solicite o Sr. Alcalde-Presidente ou calquera outro órgano municipal.

f) Para facer efectivo o cobramento dos recibos que os usuarios non aboaran no período voluntario empregárase o procedemento ordinario para a recadación en vía executiva establecido na lexislación vixente. Para executar a vía de constrinximento, o concesionario emitirá a oportuna relación de recibos pendentes de cobramento, para que a Tesourería Municipal, logo de comprobación, expida as correspondentes providencias de prema procedéndose con posterioridade á liquidación dos ingresos derivados de tal recadación co concesionario.

## **5.9. Persoal.**

O persoal e empregados da empresa adxudicataria do servizo, pertencerán exclusivamente ao concesionario, quen deberá formalizar debidamente a súa situación laboral, sendo preceptivo o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social. Ningún deles adquirirá nin ostentará relación xurídica de emprego ou de función co Concello de Mesía, e tampouco poderá alegar como determinante de expectativas de dereitos, nin sequera o de preferencia para futuras contratacións.

O adxudicatario dispoñerá do persoal necesario para satisfacer axeitadamente as esixencias do contrato e aboará as súas retribucións, seguros sociais e demais conceptos retributivos que correspondan conforme á lexislación vixente e os convenios colectivos que lle afecten, non podendo reclamar da Administración a correspondente indemnización ou compensación económica, polo posible desequilibrio económico que



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

puidese producirle a revisión do correspondente convenio colectivo ou a negociación dun novo.

Será responsabilidade do concesionario axustar as condicións de traballo do persoal ao disposto na lexislación e convenios colectivos vixentes. O Concello de Mesía queda totalmente exento de calquera tipo de responsabilidade cando esta derive das relacións laborais entre o concesionario e o seu persoal.

A empresa adxudicataria comunicará ao Concello toda variación que pretenda facer en canto ao número de integrantes do equipo de persoal asignado ao servizo, sendo necesaria a previa aprobación expresa do Concello.

## **5.10. Responsabilidade fronte a terceiros. Seguro de responsabilidade civil.**

O concesionario responderá fronte a terceiros dos actos que realice no exercicio da concesión. En todo caso o concesionario será directamente responsable fronte a terceiros polos danos causados como consecuencia do funcionamento normal e anormal do servizo, para o cal deberá subscribir unha póliza de seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de 1.000.000,00 € por sinistro.

## **5.11. Mantemento de planos de redes.**

O concesionario deberá manter actualizados os planos xerais e de detalle das redes de distribución de auga potable e saneamento cando se efectúen calquera modificación das mesmas.(formato DWG)

## **5.12. Contadores.**

1. O contador corresponderá aos tipos aprobados pola Delegación de Industria. Serán propiedade do abonado, e colocarao o concesionario a cargo do abonado, en lugar visible, debidamente verificado. O concesionario posuirá un stock de contadores para poder subministralos.

En edificios con subministración múltiple, os contadores teñen que instalarse sobre batería ubicada nun lugar de fácil acceso.

Nos edificios antigos que se rexan polo sistema de comunidade de propietarios, poden ter instalado contador xeral, para toda a edificación.

2. A lectura dos contadores que servirá para establecer os caudais consumidos polos abonados, deberá realizarse, unha vez por trimestre. Este período de lectura pode ser modificado polo Concello, comunicándollo ao concesionario coa debida antelación, e o acordo da compensación económica que resulte.

As indicacións que marque o contador anotaraas o lector nas follas ou TPL, que servirán de base para a facturación.

As cantidades que se facturan calcularanse aplicando as tarifas vixentes no momento da lectura. En tódolos casos o concesionario axustarase ás normas de intervención e fiscalización por parte do Concello.

## **5.13. Contratación do subministro e/ou saneamento.-**

a) Sobre todo o recorrido das conducións existentes, así como nas extensións e ampliacións da rede que nun futuro se establezan, o concesionario virá obrigado a prestar os servizos de abastecemento e/ou saneamento, nas condicións regulamentarias que poidan afectarlle, a todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que o soliciten, previa a





# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

correspondente autorización ou licenza municipal, efectuadas as comprobacións oportunas, sempre que previamente fosen realizadas as obras de acometida, a extensión da rede necesaria, en cada caso, por conta do promotor do inmovible ou solicitante, e efectuado o pago dos tributos e calquera outras contraprestacións que o Concello teña en cada momento estipuladas nas ordenanzas municipais, cadro de prezos aprobados polo Concello ou no Regulamento do servizo.

b) O contrato de subministro ou prestación de servizo será realizado polo concesionario nas oficinas do servizo, conforme a modelo aprobado polo Concello (unha vez outorgada a correspondente autorización por este) por triplicado exemplar, dos cales será un para o abonado, outro quedará en poder do concesionario e o terceiro será remitido ao Concello. O concesionario subrógase nos dereitos e obrigacións dimanantes dos contratos que o Concello teña subscritos na actualidade.

c) O contrato, como regra xeral, amparará o abastecemento e/ou saneamento a unha soa vivenda ou local, e o seu titular responderá do cumprimento do contrato ante o Concello e o concesionario.

d) Trimestralmente enviarase ao Concello unha relación detallada dos novos contratos, así como das baixas producidas.

## **6. OBRIGAS DO CONCELLO.**

### **6.1. Posta a disposición das instalacións.**

O Concello achegará, para a prestación dos servizos da concesión, os bens, instalacións e redes existentes de propiedade municipal ao momento de formalizar o contrato, así como as ampliacións e obras novas que sendo de propiedade municipal, realice ou reciba, mentres dure o tempo da concesión.

### **6.2. Protección do servizo.**

O Concello dará ao concesionario a protección axeitada no que se refire á prestación do servizo. O Concello facilitará ao concesionario os medios legais precisos para a adquisición de dereitos e uso de bens para o funcionamento dos servizos.

### **6.3. Emprego da vía pública polo concesionario.**

O Concello de Mesía concede ao concesionario o dereito a utilizar a vía pública para situar as conducións e realizar as intervencións e reparacións oportunas, sen perxuízo das autorizacións sectoriais que fosen procedentes. Na súa actuación respectará o que dispoñan as Ordenanzas Municipais, especialmente en orde á reposición de pavimentos ou calquera outro servizo. O concesionario estará exento das taxas municipais que tiveran lugar por reparación ou obra nova nas redes, por ser a rede de propiedade municipal e actuar o concesionario como un mandatario do Concello. En todo caso, con carácter previo a calquera actuación, deberá obter o consentimento municipal.

## **7. ORDENACIÓN DO SERVIZO.**

A Administración municipal, en atención ao interese público, en relación con este contrato empregará as potestades que lle reconece a lexislación vixente en cada momento, e en concreto:



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

- a) Ordenar discrecionalmente as modificacións na prestación do servizo obxecto da concesión que aconselle o interese público.
- b) Aprobación de regulamentacións e ordenanzas reguladoras e ordenar ao concesionario a súa aplicación a partir do momento da súa entrada en vigor.
- c) Aprobar os investimentos relacionados cos servizos que considere oportunos, así como o seu modo de execución e o seu financiamento.
- d) Fiscalizar a xestión do concesionario, para a cal poderá inspeccionar o servizo, as súas instalacións e locais e a documentación relacionada con este. Para o cal, poderá solicitar, en calquera momento, do concesionario todos os datos, informes, análise e antecedentes que se consideren necesarios. O concesionario non poderá, salvo causa xustificada debidamente acreditada por escrito, demorar en máis de dez días a entrega, no Rexistro Xeral do Concello, da información solicitada. Ademais de en papel, a información poderase requirir que se presente en formato dixital, a través de programas de uso masivo. Se a presentase noutro tipo de software o concesionario deberá facilitar, sen custo nin contraprestación ningunha, ao Concello as licencias, a instalación nos equipos que se indique e o adestramento necesario.
- e) Ditar instrucións, prohibicións e ordes para a debida xestión do servizo, podendo acordar no caso de incumprimento, a imposición de sancións e execución subsidiaria a custa do concesionario dos actos.
- f) Asumir temporalmente a xestión directa do servizo nos casos nos que non o preste ou non puidese prestar o concesionario.
- g) Impoñer ao concesionario as correccións pertinentes por razón das infraccións que cometera.
- h) Rescatar a concesión.
- i) Suprimir o servizo.

## **8. CONTA DE EXPLOTACIÓN.**

1. O concesionario, durante o mes de marzo do ano que corresponda, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello un resumo xeral da conta de explotación referida ao ano anterior. Neste resumo conteranse como mínimo os seguintes datos referentes a cada tipo de consumo e analizado por trimestres: número de abonados, metros cúbicos consumidos e facturados por tarifa de abastecemento e de saneamento, beneficios brutos, netos e resultados extraordinarios, IVE, número e importe dos recibos domiciliados, volume de impagados e remuneración percibida analizada.
2. Toda esta información presentarase en papel e en formato dixital contido en programas de uso xeneralizado. Se pretendese facilitar esta información en programas propios da empresa ou non habituais o concesionario facilitará ao Concello, sen custo nin contraprestación, as licencias e a instalación nos equipos que se designe, así como a explicación do seu manexo.
3. Sen prexuízo do anterior o Concello de Mesía poderá instar ao concesionario a aclaración detallada dos datos achegados ou a achega doutros novos que se consideren precisos para coñecer de xeito exacto e real o estado económico-financeiro ou xurídico da concesión.



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## **9. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E CONTROL DO SERVIZO.**

Aos efectos precedentes, crearase unha Comisión de Seguimento e Control do servizo, que redactará o seu propio regulamento de funcionamento, presidida polo Alcalde ou Concelleiro en quen delegue, e composta ademais, por outro Concelleiro, polos Técnicos Municipais que se designen, e por un representante do concesionario.

Sen prexuízo das facultades últimas do Alcalde, serán competencias propias desta Comisión as seguintes:

- a).- A de exercer as funcións de control e inspección do servizo.
- b).- Propoñer ao Concello as actuacións que consideren convenientes para o correcto desenvolvemento do servizo e a programación de futuras implantacións.
- c).- Velar pola dispoñibilidade de caudais en todo momento, formulando ou encargando cantos informes fosen necesarios para prever as futuras necesidades do servizo.
- d).- Coordinar as relacións entre o concesionario e o Concello.

## **10. INSPECCIÓN.**

1. Os servizos contratados quedarán sometidos permanentemente ao control do Concello, que poderá revisar diariamente os traballos realizados polo concesionario.

2. Corresponde á inspección do servizo ao Sr. Alcalde Presidente ou concelleiro en quen delegue e nas visitas de inspección que se realicen, facilitar o acceso ás oficinas e instalacións, obras e o exame de documentos, libros de contabilidade, ficheiros, contratos e datos estatísticos, que en xeral, estea obrigado, a levar o concesionario.

3. Á vista do resultado das tarefas de inspección o Concello determinará as correccións ou modificacións que se consideren oportunas na prestación dos servizos.

4. O concesionario levará un libro de queixas e reclamacións. Este libro, estará a disposición dos usuarios, recollerá as reclamacións que efectúen. No prazo máximo de dous días hábiles, a contar dende que se realizou a reclamación, remitirase copia ao Rexistro Xeral do Concello.

## **ANEXO I.- Instalacións**

### **Rede de Saneamento**

O saneamento municipal, debido a razóns evidentes de topografía e espallamento dos núcleos de poboación, non abarca a totalidade das parroquias, solucionando este servizo puntualmente nas zonas de maior densidade de poboación, é dicir, no núcleo de Xanceda, polo que o resto das vivendas do concello dispoñen de sistemas de saneamento autónomos, mediante fosas sépticas unifamiliares.

A totalidade no núcleo urbano de Xanceda dispón, a día de hoxe, de instalacións de saneamento con tubarías de PVC de diámetros 250 e 315 mm cos correspondentes pozos de rexistro. Contase cunha estación depuradora con filtro biolóxico en poliéster con fibra de vidro, cun volume total de 155.000 litros cunha capacidade de saneamento estipulada para 500 habitantes, situada no Rego de Xanceda, nas inmediacións do núcleo urbano.

### **Rede de Abastecemento de auga**



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

No concello de Mesía existe unha rede de subministración de auga potable que cobre boa parte do ámbito municipal. No resto do territorio, o abastecemento faise, en xeral, por medios propios, mediante pozos de auga individuais, ou pequenos abastecementos, por gravidade, desde o manancial ata depósitos reguladores en puntos de maior cota que as vivendas, e dende estes en canalizacións de neopreno ata os puntos de consumo.

A rede existente comeza no ETAP no río Tambre, localizado no lugar de Vilasenín, na parroquia de Castro, que dispón dun equipo de captación cunha capacidade total de 42,2 m<sup>3</sup>/h, e un equipo de bombeo de 8KW, que dirixe o abastecemento ó depósito municipal, localizado no lugar de O Pico, na parroquia de Cumbraos, cunha capacidade total de 811 m<sup>3</sup>.

A partir do depósito dispónse unha rede realizada en pvc que da servizo na súa totalidade ás parroquias de Albixoi, Xanceda, Boado, Castro, Cumbraos e Lanzá, e parcialmente ás de Mesía, Bascoi, e Cabrui.

Polo que respecta ó núcleo urbano de Xanceda, a totalidade deste conta co servizo de abastecemento, totalmente executado o en funcionamento.

A lonxitude da rede existente, por diámetro detállase na seguinte táboa:

Diámetro (mm)	Lonxitude (m)
250	205
180	2.625
160	8.009
140	14.546
125	9.312
110	3.080
90	7.367
75	41.764
63	5.657

## ACOMETIDAS REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA

<u>Parroquia de Castro:</u> Carballeira, Gosende, A Igrexa, A Vila, O Pazo, As Xunqueiras, Recea, O Lago.	67
<u>Parroquia de Cumbraos:</u> Fontefría, A Granxa, O Castrallón, O Ventorrillo, O Casal, A Brea, A Cabra, Os Carballas, O Pico, Montouto, O Piñeiro, Fachas, Porta das Matas, A Igrexa, O Maruzo, Mesón de Varela	182
<u>Parroquia de Lanzá:</u> Empalme de Lanzá, Fontelanzá, As Capillas, Cabanas, Outeiro, O Souto, A Igrexa, O Rañedo, A Raiña	103
<u>Parroquia de Boado:</u>	79



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Barcia, Gandarela, Barreiro, O Espadanedo, A Igrexa, Outeiro, O Pazo, O Castro, Lagares, O Vilar, Fontorto, Aldín	
<u>Parroquia de Cabrui:</u> Os Zacotes, Abeneiral, As Cargas, Foucellas, Tieira Grande, A Raiña, Mou	35
<u>Parroquia de Xanceda:</u> Arosa, Casa Grande, O Campo, Beledo, Fondeira, A Fonte, Castro, A Fraga, Xanceda Vella, Mata, Chamiún, O Couto, Ordoño, Igrexa, Os Camiños, As Pereiras, Os Corrillos, Campo das Mentiras, Casanova	193
<u>Parroquia de Albixoi:</u> Fraga da Lata, Xemerás, Ousende, Casavella, Quintas, Formigueiro, Xestosa, Torre, Igrexa, Castiñeiras, Carballeira, Parceiro, Casanova, Os Novas, A Lata, A Fraga, Pereira	88
<u>Parroquia de Mesía:</u> O Campo, Alfonsín, Leborís	26
<u>Parroquia de Bascoi:</u> A Puebla, Rañoa, Liñarcovo, Corredoiras, Tamarín, Bermui, Igrexa, Vilanova, Pedreira, Paredes, Amade, Sadornín, Regueiro, Gandarela	58

**Dilixencia que estendo eu, secretario-interventor, para facer constar que o presente prego de prescricións técnicas co Anexo I de instalacións, que consta de 10 páxinas, foi aprobado por acordo plenario de data 9 de setembro de 2014.**

**En Mesía, a 9 de setembro de 2014  
O secretario-interventor,**

**Eladio Bendaña Pardo."**

Manifesta o Sr. Alcalde que xa rematou a contratación en virtude da que se ven prestando o servizo, e agora vaise licitar, como xa acordou o Pleno en sesión do catro de outubro do pasado ano por un período de sete anos prorrogable por outros sete anos. Aínda que o máximo legal é de vinte e cinco anos, este período de tempo parece razoable para ver cómo evoluciona o servizo, servizo que é deficitario, xa que si ben o custo anual estímase en 64.854,61€ máis o 10% de IVE, no último trimestre recadáronse en torno a 8.400,00€, polo que só se cubre en torno ao 50% do custe.

Os pregos e demais documentación técnica encargáronse a Estudio Técnico Galego, S.A., empresa coa que sole traballar o concello, dada a súa complexidade.

Paso a palabra aos voceiros dos restantes grupos por si queren manifestar algunha cuestión.

Toma a palabra o Sr. Raposo, quen manifesta que o noso grupo valora moito a transparencia, e coidamos que debería haber un representante dalgún outro grupo na



## **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

mesa de contratación, polo que o noso voto vai estar condicionado a que haxa esa presenza.

Toma a palabra o Sr. Álvarez, quen manifesta que alégrome de que o Sr. Raposo se sume á petición que xa fixemos nós a pasada lexislatura. En todo caso, na previsión do custo que sinala vostede, que supoño referida ao primeiro ano, imaxino que estará prevista unha evolución do mesmo, coas conseguintes variacións. Reposta o Sr. Alcalde que, dado o período de tempo polo que se fai non se prevén depreciacións das instalacións, senón unha evolución nos custos variables que se contemplan, que só son a enerxía eléctrica e os reactivos.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por sete votos a favor, maioría absoluta do número legal de membros da corporación, cinco correspondentes aos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e dous correspondentes aos concelleiros presentes do PP, e un voto en contra, correspondente ao concelleiro presente do BNG.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as oito horas e corenta e cinco minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,  
O alcalde,